



CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 21 de xuño de 2024**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez

D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

D. Carlos López Font

D. Angel Rivas González

D. Jaime Aneiros Pereira

D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e un de xuño de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(446).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 14 de xuño de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(447).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 17263/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 14/06/2024, asinado pola letrada titular de Asesoría Xurídica municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

### A) RESOLUCIÓN DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

#### 1.- Contencioso.

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Execución Provisional de sentenza (Gratificacións por exceso de xornada-SPEIS)

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso Apelación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento de orixe (XC-A nº 2 Vigo)
16747/111	54/2024	285	24/04/2024	Ex. Provisional 43/2023 (PO 241/2020)
16732/111	81/2024	339	07/05/2024	Ex. Provisional 48/2023 (PO 330/2020)
16735/111	99/2024	340	07/05/2024	Ex. Provisional 44/2023 (PO 324/2020)

Sentenzas do TSXG polas que se desestiman os recursos de apelación interpostos por traballadores municipais do SPEIS contra autos do XC-A núm. 2 de Vigo, ditados en procedementos de execución provisional (gratificacións por exceso de xornada SPEIS), por canto non procede acceder ao solicitado de que para determinar o valor da hora ordinaria de traballo non deba acudir á formula da DT 6ª, regra 3, do Acordo Regulador do Concello de Vigo, por tratarse dunha disposición que non está vixente, e que o valor hora ordinaria de traballo deba determinarse dividindo o salario bruto anual do demandante polas 1642 horas que comprende a súa xornada anual. Sen custas. Contra estas sentenzas cabe recurso de casación.

Darase traslado destas resolucións ao servizo xestor e ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

#### 2.- Contencioso. Expediente nº 16547/111

Sentenza nº 77 do 22 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 346/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do dereito a seren compensado ou ben con descansos ou co pagamento das percepcións salariais correspondentes, pola realización de 40 minutos diarios de exceso de xornada con motivo do relevo no Servizo de Extinción de Incendios dende o ano 2018 ao ano 2022

Expte(s): 43196/220

Contía: 5.324,97 €

Sentenza firme pola que se estima o recurso interposto por funcionario municipal do Servizo de Extinción de Incendios contra a desestimación presunta da reclamación presentada ante o Concello de Vigo, de cantidades ou permisos polo tempo de exceso de xornada de 40 minutos de traballo no período 2018 a 2022, por importe total de 5.176,82 euros mailos xuros correspondentes.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Entende a xulgadora acreditado que o traballador municipal realiza 40 minutos de traballo, tempo efectivo de traballo, antes de entrar no seu turno de traballo, 25 min. antes do relevo, e 15 min. despois do mesmo, e posto que a xornada é de 1642 horas, realizan 2720 min. en exceso de xornada en cómputo anual. Considera a xulgadora que queda probado tanto na proba documental aportada polo demandante como pola testemuñal dun compañeiro do servizo que dende 2012 se viña fixando así este exceso de xornada pola xefatura do servizo.

Impóñense custas ao Concello de Vigo por importe máximo de 200 euros máis impostos.

Darase traslado desta resolución aos responsables dos servizos de Seguridade, de Extinción de Incendios e RRHH para o seu coñecemento e efectos.

3.- Contencioso. Expediente nº 15345/111

Sentenza nº 301 do 24 de abril de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 100/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 28-1-2021. Diferencias retributivas entre cabo e sarxento, SEIS.

Expte(s): 38238/220

Contía: Indeterminada

Sentenza do TSXG pola que se desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza de data 16 de novembro de 2022 e auto de data 30 de novembro de 2022 ditados no PA 30/2022 polo XCA núm. 1 de Vigo, pola que se declaraba o dereito do demandante, funcionario municipal do SPEI, á percepción do CD e CE correspondente ao posto de sarxento con retroactividade a 4 anos anteriores á reclamación admitida. (27-01-2021) con dedución das cantidades satisfeitas en concepto de indemnización de sentenza e ata que cese dita situación, obrigando ao Concello a cotizar á Seg. Social polo importe de ámbolos dous conceptos durante os 4 anos anteditos, e ordenando ao Concello ao seu pagamento.

Confirma así a Sala a sentenza de instancia, indicando que a sentenza apelada non recoñece as cantidades en concepto de complemento de produtividade senón como CE e CD polas diferencias entre ambos postos, e que queda acreditada a realización de ditas tarefas mediante certificado do 2 de marzo de 2021 do informe da xefatura do SPEIS.

Con imposición de costas á parte apelante (Concello de Vigo) cun límite de 1.000 euros comprensivo dos gastos de defensa da parte apelada. Contra dita sentenza cabe recurso de casación no prazo de 30 días.

Darase traslado desta resolución aos responsables do SPEIS, Seguridade e RRHH para o seu coñecemento e efectos.

Procedemento de orixe:

RCA nº 30/2022 PA XCA nº 1 de Vigo, Sentenza nº 308 do 16/11/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión do 16/12/2022

4.- Contencioso. Expediente nº 16728/111

Sentenza nº 79 do 26 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 356/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo desestimatoria da solicitude de compensación económica das vacacións devengadas e non desfrutadas correspondentes aos anos 2021 e 2022.

Expte(s): 40898/220

A sentenza estima o recurso e declara non axustada a dereito a resolución municipal desestimatoria de compensación económica das vacacións non gozadas, declarando o dereito do demandante a que se lle abone a cantidade de 590,81 euros (11 días vacacións devengadas e non gozadas correspondentes aos anos 2021 e 2022) condenando ao Concello ao seu pagamento.

A sentenza, recorrida en apelación ao igual que no expediente conexo 16709/111 (e expediente 40901/220) impón as custas procesais á Administración demandada fixadas en 150 euros.

5.- Contencioso. Expediente nº 15349/111

Decreto do 30 de abril de 2024

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Casación: 2607/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do 22-01-2020 (Bombeiros). Atrasos por horas extras e dano moral por anulación do decreto do 6-2-2019.

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

Dase conta do Decreto firme do TS no que se acepta a desistencia do recurso de casación contra a sentenza do TSXG que inadmitía o seu recurso de apelación contra a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo que resolveu desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial e unicamente estimar parcialmente a solicitude relativa ás gratificacións extraordinarias formulada polo recorrente (pertencente ao SPEIS) e que non tivera resolución expresa en vía administrativa. De acordo coa devandita sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo, deben aboarse as diferencias retributivas resultante de calcular o importe da gratificación por hora extraordinaria c incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, considerando aplicable o criterio fixado pola STSXG do 22 de xuño de 2020 (recurso de apelación 465/2019), pero descontadas el número de horas de exceso retribuídas en las nóminas conforme al CE factor XI relativo al exceso de la jornada anual (219 h) desde a data de reclamación e polo período que figuran no propio fallo da sentenza.

Procedemento de orixe:

339/2020 PO XC-A nº 1 de Vigo, Sentenza nº 119 do 15/07/2021, estimatoria parcial, comunicada na sesión XGL do 29/10/2021

6.- Contencioso. Expediente nº 16877/111

Auto nº 28 do 22 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 27/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA presentada polos danos ocasionados ao vehículo, ao caerlle enriba una árbore cando circulaba pola Avda. de Samil.

Expte(s): 7089/243



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

O auto, firme, acorda declarar terminado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recorrente e archivar as actuacións.

7.- Contencioso. Expediente nº 15915/111  
Sentenza nº 85 do 25 de abril de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Ordinario: 155/2023  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Desestimación presunta da solicitude de indemnización por RPA, caída na vía pública.  
Expte(s): 6766/243  
Contía: 37.942,89 €

A sentenza, firme, desestima o recurso fronte a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos sufridos (37.942,89 euros) como consecuencia dunha caída na vía pública alegando a pronunciada pendente da rúa Alfonso XIII e o efecto deslízante das baldosas, estremos que a sentenza non considera suficientemente probados para imputar a responsabilidade a administración municipal, rechazando que exista funcionamento anormal ou normal do servizo público susceptible de reproche xurídico. Sen imposición de custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

8.- Contencioso. Expediente nº 16617/111  
Sentenza nº 83 do 25 de abril de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Ordinario: 361/2023  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída cando transitaba pola grada que dá acceso á rúa Vía Norte na Praza superior do Centro Comercial Vialia  
Expte(s): 6890/243  
Contía: 43.656,58 €

Sentenza desestimatoria do recurso formulado contra a resolución da Concellería de Patrimonio pola que se inadmite a reclamación patrimonial presentada pola demandante por falta de lexitimación do Concello ao non ostentar a titularidade do ben. Solicitaba a demandante unha cantidade de 43.656,58 euros, polos danos padecidos como consecuencia dunha caída nas gradadas da praza-cuberta do CC VIALIA. Os motivos da reclamación recaen na errónea configuración da grada, fronte ao que o Concello defendeu a falta de lexitimación pasiva do Concello aportando proba suficiente da titularidade do ben e a falta de dilixencia da demandante ao acceder por unha grada e non pola escaleira correspondente que se atopaba lindando coa grada. O xulgador resolve conforme á proba aportada polo Concello e conforme á contestación municipal á demanda, desestimando a pretensión e confirmando a resolución municipal. Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de apelación. Sen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

9.- Contencioso. Expediente nº 16692/111  
Sentenza nº 87 do 25 de abril de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 369/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos causados no garaxe do edificio, pola entrada das augas derivadas do incorrecto funcionamento das canalizacións

Expte(s): 6829/243

Contía: 2.203 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso presentado e, en consecuencia, a reclamación de responsabilidade patrimonial.

O Servizo de Patrimonio (Responsabilidade Patrimonial) e o Servizo de Parques e Xardíns deben coñecer e executar o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 16827/111

Sentenza nº 85 do 6 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 14/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da reclamación de RPA formulada por CENTRO INVERSIONES NORTE PENINSULAR S.L. polos danos causados no local sito na rúa García Olloqui, 6 baixo, por mor das filtracións de auga consecuencia do atasco na rede de sumidoiros.

Expte(s): 7052/243

A sentenza desestima a recurso interposto por AXA Seguros Generales SA, fronte ao Concello contra a desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos materiais por filtracións de auga no local da rúa García Olloqui, 6, con intervención de Aqualia, por non resultar probada a relación de causal entre o funcionamento do servizo público (atasco parcial próximo ao sistema de sumidoiros) e os danos reclamados.

A sentenza é firme, e por Auto de 8 de maio de 2024 rectificouse e aclarouse o erro material contido na sentenza en canto a condena en custas procesuais, que ata a cifra máxima de 200 euros (máis impostos) se impoñen a parte actora en virtude do criterio obxectivo do vencemento.

11.- Contencioso. Expediente nº 16892/111

Auto nº 35 do 7 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 31/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos por vehículo ao colisionar cunha tapa da rede de sumidoiro cando circulaba pola rúa Maestro Goldar

Expte(s): 7087/243

O auto, firme, declara terminado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da recorrente e arquiva as actuacións.

12.- Contencioso. Expediente nº 16865/111

Sentenza nº 92 do 10 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 11/2024



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos sufridos como consecuencia de caerlle enriba do vehículo una árbore cando circulaba pola estrada Clara Campoamor.

Expte(s): 7096/243

Contía: 7851,92 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos materiais ocasionados no vehículo e as lesión ao condutor (7.851,92 euros) pola caída dunha árbore mentres circulaba pola Estrada Campoamor.

A sentenza non considera probado no caso concreto non se pode deducir un deficiente estado de conservación ou de mantemento do terreo, nin do vial, nin sequera da árbore. Á vista de como sucedeu o accidente os servizos públicos non houberan podido coñecer con antelación a caída da árbore, xa que ningún outro sinistro anterior puido alertar de tal anomalía.

A sentenza é firme sen imposición de custas procesuais.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

13.- Contencioso. Expediente nº 15007/111

Sentenza nº 105 do 11 de abril de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7141/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: XGL 27-1-2021. Prórroga do contrato de xestión integral do servizo de augas

Expte(s): 742/441

Contía: Indeterminada

Esta sentenza desestima o recurso de apelación ao considerar que a sentenza apelada apreciou correctamente a falta de lexitimación activa da recorrente, o que determina a ratificación da súa decisión de inadmisibilidade do recurso.

Con condena en custas de 900 euros por tódolos conceptos.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 41/2021 PO XCA nº 2 de Vigo, Sentenza nº 205 do 01/09/2022, inadmisión, comunicada na sesión da XGL do 14/10/2022

14.- Contencioso. Expediente nº 14521/111

Providencia do 18 de abril de 2024

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Casación: 5157/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución da Comisión Superior de Facenda da Xunta de Galicia, do 10/12/2021, desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada contra resolución da Axencia Tributaria de Galicia, do 01/06/2021, ditada no procedemento de compensación de débedas nº COM/605

Expte(s):1765/440, 885/441

Contía: 884.445,26 €

Mediante esta Providencia, firme, o TS inadmite o recurso de casación interposto pola Xunta de Galicia contra a STSXG do 10/03/2023, que estimou o recurso do Concello de Vigo contra a resolución da Comisión Superior de Facenda da Xunta de Galicia, que desestimou a reclamación económico-administrativa interposta polo Concello de Vigo contra a resolución da directora da Atriga no procedemento de compensación de débedas COMP/605.

Impóñense as custas a recorrente co límite máximo de 1.000 euros.

A Área de Fomento e a Tesouraría deben de coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

Procedemento Ordinario nº 7111/2022 TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3, Sentenza nº 84 do 10/03/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 01/06/2023

15.- Contencioso. Expediente nº 16803/111

Sentenza nº 118 do 19 de abril de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7032/2024

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da solicitude de incoación de expediente de revisión de oficio do acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Vigo o 27/01/1998, polo que se acordou a imposición ao Concello de Porriño de custes de explotación do canle, gastos de vixilancia e recuperación de investimentos efectuados no subministro de auga a Vigo e o Porriño.

Expte(s): 1492/441

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso de apelación, con imposición de custas.

A sentenza ratifica a sentenza de instancia que estableceu a adecuación a Dereito do acordo plenario do 28/12/2022, de inadmisión a trámite dunha solicitude de revisión de oficio doutro acordo plenario precedente do 27/01/1998 (acordo firme e consentido), que determinou a cantidade esixible por parte do Concello de Vigo ao concello de O Porriño pola utilización conxunta da canle e presa de Eiras, dada a responsabilidade de ambos concellos na asunción de custes en proporción á súa participación nos gastos derivados destas infraestruturas hidráulicas.

A sentenza desbota todos os motivos de nulidade que reiterou a administración demandante na súa apelación e establece que o acordo de aquel acordo de 1998 non efectuou á autonomía local da administración apelante e tiña como propósito recuperar os gastos no que incurriu o Concello de Vigo.

A Área de Fomento, a Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e a Recadación Municipal, deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

Procedemento Ordinario nº 288/2022 PO XCA nº 1 Vigo, Sentenza nº 289 do 01/02/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 16/02/2024

16.- Contencioso. Expediente nº 16838/111

S.ord. 21/06/2024





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Sentenza nº 88 do 2 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 20/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do recurso de reposición ditada polo Concello de Vigo, que confirma a imposición de sanción.

Expte(s): 313308/280

Contía: 300 €

A sentenza desestima o recurso presentado contra a resolución de 28/11/2023 desestimatoria do recurso de reposición fronte a outra anterior resolución ditada no procedemento sancionador en materia de tráfico que impuxo unha sanción de 300 euros e a detracción de 2 puntos do permiso de condución pola comisión da infracción de circular con exceso de velocidade ( 76km/h cando estaba limitado a 50km/h) pola Avda de Madrid.

A sentenza, que é firme, impón as custas ao recorrente co límite máximo de 100 euros.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Seguridade e de Recadación Executiva.

17.- Contencioso. Expediente nº 17017/111

Auto nº 38 do 7 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 53/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo do Concello de Vigo que decreta o embargo das contas bancarias por ingresos indebidos

Expte(s): 307412/700

Contía: 856,42 €

O auto, firme, declara inadmisíbel o recurso contencioso administrativo por terse interposto contra unha actividade non susceptible de impugnación consonte ao artigo 51.1.c) e 69. c) da LXCA (notificación dunha dilixencia de embargo de saldos en conta bancaria), suspende o acto da vista, e non fai expresa imposición das custas procesuais.

Debe coñecer o resolto a oficina de Recadación Executiva.

18.- Contencioso. Expediente nº 16581/111

Decreto nº 10 do 8 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 356/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: resolución do 10/11/2023 que resolveu "outorgar á Agrupación de Empresarios en la Organización de Eventos, Ferías e Mercados a prórroga da autorización de dominio público da xestión e aproveitamento de localizacións para as actividades de Nadal durante a campaña do Nadal 2023-2024: Cíes Market"

Expte(s): 9356/106

O decreto, firme, ten por desistida á recorrente.

O servizo municipal de Comercio debe coñecer o resolto.

## B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 16847/111

Sentenza nº 207 do 26 de abril de 2024

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 3/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento dereito e contías por realizar funcións correspondentes á categoría de administrativo e ter categoría de oficial de instalacións deportivas.

Sentenza pola que se desestima a demanda interposta por persoal laboral municipal-oficial de instalacións deportivas, consistente na reclamación de cantidades por importe de 4.199,30 euros, e subsidiariamente por importe de 2.277,97 euros e 1.781,94 euros polos días efectivamente traballados como persoal administrativo nas instalacións deportivas nas que desenvolven os seus traballos no período de decembro de 2022 a novembro de 2023.

O xulgador entende que o argumento carece de solidez xa que o demandante non realiza unha labor que se poda incardinar na categoría profesional de administrativo dunha Administración Pública e que as funcións desenvoltas se poden subsumir casi a perfección na descrición das mesmas que fai o propio concello, quizais coa matización na modernización dalgunha delas. Di tamén que a demanda se asenta nunha proba testemuñal que careceu de obxectividade pois as testemuñas limitáronse a asentir sobre as labores que se leron dende a demanda e unha das testemuñas mantén unha reclamación similar.

A sentenza é susceptible de recurso de suplicación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH e ao servizo de Deportes para o seu coñecemento.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(448).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS OS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11206/320.**

Visto o informe de fiscalización do 19/06/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 14/06/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de marzo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º Aprobar o expediente de contratación (11206/320) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.*

*2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 11 de decembro de 2023 e o prego de cláusulas administrativas de 2 de febreiro de 2024, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.*

*3º.- Aprobar o gasto de 96.990,70 € para a contratación dos “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO” con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2120000 do orzamento do concello de Vigo, distribuídos do xeito seguinte:*

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	36.371,51 €
2025	48.495,35 €
2026	12.123,84 €

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

*servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320) na seguinte orde descendente:*

	EMPRESA	TOTAL PUNTOS
1	CLECE FS, S.L.	96
2	CÍES OBRA, S.L.	64,15

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE FS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE FS, S.L., o día 13 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida o 21 de maio de 2024, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na súa sesión de data 4 de xuño de 2024 acorda conceder un prazo de tres días a CLECE FS, S.L. para que puidera emendar a documentación presentando os Anexos IV e V ao PCAP.

Durante o prazo concedido, a licitadora presenta a documentación requirida o 6 de xuño de 2024.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- As escrituras de constitución, segregación, cambio de denominación e perda de unipersoalidade da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (33.946,75 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (33.946,75 €), presentan certificados de boa execución/declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 3.345,16 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Os certificados positivos de débedas da AEAT e a TGSS.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo e a ATRIGA.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CLECE FS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CLECE FS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 11 de abril e 8 de maio de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CLECE FS, S.L. o procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 80.952,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.049,66 euros.*
- b) *Propón a redución do tempo de resposta ante incidencias:*
  - *Redución do tempo de resposta inferior a 72 horas, ante incidencias non consideradas graves que precisen a presenza de persoal técnico nos centros.*
  - *Redución do tempo de resposta inferior a 12 horas nas incidencias consideradas graves que precisen a presenza de persoal técnico nos centros.*
- c) *Comprométese a incrementar a periodicidade das tarefas de mantemento preventivo semestral establecidas no punto 3.1 do PPT a una frecuencia trimestral, sen custo para a Administración:*
  - *Limpeza de cubertas, petos, canalóns, arquetas interiores e baixantes.*
  - *Limpeza de canaletas de recollida de auga exteriores en terrazas e patios.*
- d) *Declara que coñece as instalacións obxecto deste contrato relacionadas na cláusula 2 do PPTP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(449).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MELENDI DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10142/335.**

Visto o informe de fiscalización do 14/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/06/2024, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista "Melendi" (10142-335) (PCAP)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "MELENDI" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024".*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 10 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 5 de xuño de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 350.900,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 290.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** O 10 de xuño de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.

**Terceiro.-** O 11 de xuño de 2024 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 12 de xuño de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado, cualificándose, en





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

primeiro lugar, a documentación administrativa e, en vista da documentación aportada para a solvencia técnica, solicítase certificados de boa execución ao servizo xestor.

O día 13 de xuño de 2024 vólvense reunir a técnica de administración xeral do Servicio de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023 para rematar a cualificación da documentación administrativa, e comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.**, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.**, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 13 de xuño de 2024 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Melendi” (10142-335) por un prezo total de 350.900,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 60.900,00 euros”.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **5(450).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE DANI FERNÁNDEZ DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10145/335.**

Visto o informe de fiscalización do 13/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/06/2024, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista "Dani Fernández" (10145-335) (PCAP)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "DANI FERNÁNDEZ" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024".*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 14 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 4 de xuño de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 121.000,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 100.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** O 11 de xuño de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.

**Terceiro.-** O 11 de xuño de 2024 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 12 de xuño de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.

S.ord. 21/06/2024

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 12 de xuño de 2024 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Dani Fernández” (10145-335) por un prezo total de 121.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.000,00 euros”.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(451).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 EXPTE. 23495/333.**

Visto o informe xurídico do 29/05/2024 e o informe de fiscalización de data 11/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/05/2024, asinado polo xefe do servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES**

a.- Con data 09.02.24, o Concelleiro de deportes ordenou o inicio do expediente conducente á sinatura dun convenio coa entidade Club Atletismo Feminino Celta orientado a subvencionar o seu proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

b.- Con data 12.04.24 a entidade Club Atletismo Feminino Celta presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 240116467) a solicitude de subvención polo

desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

c.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

d.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

e.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

## **2.- FUNDAMENTOS**

### **Primeiro.- Consideracións xerais**

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890003 a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta conta cun equipo de elite na modalidade de Atletismo na categoría Liga Nacional de Primeira División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Primeira División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Atletismo Femenino Celta e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de

Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Club Atletismo Femenino Celta para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

*subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

### **Segundo.- Motivación**

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.489.00.03 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Atletismo Femenino Celta durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de

gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

### **Terceiro.- Proposta**

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00€ a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF: G36927689 e enderezo social en alameda Torreiro, 1 (36214), en Vigo CP (36214), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23495-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.0003 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23495-333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Elena Espinosa Mangana, Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, Paula Mariño Gonda como presidenta da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF G36927689 e enderezo social en Alameda Torreiro, 1 (36214), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 23495-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Club Atletismo Femenino Celta durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Primeira División Nacional

S.ord. 21/06/2024



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Atletismo Femenino Celta desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Atletismo Femenino Celta impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.0003 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade Club Atletismo Femenino Celta na tempada deportiva 2023-2024.

VI.- Que a entidade Club Atletismo Femenino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas

S.ord. 21/06/2024

pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23495-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Atletismo Femenino Celta conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Club Atletismo Femenino Celta comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Atletismo Feminino Celta na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Atletismo Femenino Celta (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Atletismo Femenino Celta unha subvención por importe de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890003 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran

S.ord. 21/06/2024

inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente

relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.-

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

**Vixésima-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

**Vixésima segunda-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución do Convenio:

a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.

b) O acordo unánime dos asinantes.

c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**7(452).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23496/333.**

Visto o informe xurídico do 29/05/2024 e o informe de fiscalización de data 11/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/05/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

a.- Con data 09.02.24, o Concelleiro de deportes ordenou o inicio do expediente conducente á sinatura dun convenio coa entidade Real Club Celta de Atletismo orientado a subvencionar o seu proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

b.- Con data 12.04.24 a entidade Real Club Celta de Atletismo presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 240116728) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

c.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

d.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

e.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

### 2.- FUNDAMENTOS

#### Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890004 a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de elite na modalidade de Atletismo na categoría Liga Nacional de Primeira División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Primeira División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Real Club Celta de Atletismo e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.

S.ord. 21/06/2024

- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Real Club Celta de Atletismo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

régime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

### **Segundo.- Motivación**

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Real Club Celta de Atletismo durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro,

Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

### **Terceiro.- Proposta**

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 € a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo co CIF: G36945319 e enderezo social en Rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB CP (36211), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23496-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890004 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23496-333).

### REUNIDOS

Dunha parte, Elena Espinosa Mangana, Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, José Ángel Serantes Arias como presidente da entidade Real Club Celta de Atletismo CIF: G36945319 e enderezo social en Rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB (36211), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 23496-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Real Club Celta de Atletismo durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Primeira División Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Real Club Celta de Atletismo desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Real Club Celta de Atletismo impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€, a favor da entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade Real Club Celta de Atletismo na tempada deportiva 2023-2024.

**VI.-** Que a entidade Real Club Celta de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23496-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Atletismo conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Real Club Celta de Atletismo comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

- 2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de atletismo na tempada 2023-2024.
- 3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.
- 4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.
- 5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:
- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
  - Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
  - A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.
- 6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:
- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
  - Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
  - Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
  - Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
  - Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.
- 7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.
- 8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.
- 9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.
- 10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Real Club Celta de Atletismo na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Real Club Celta de Atletismo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Real Club Celta de Atletismo unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coaduxar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprarán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia-

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a

S.ord. 21/06/2024

información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

### **8(453).- CONCESIÓN E DENEGACIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2024. EXPTE. 89113/332.**

Visto o informe de fiscalización de data 13/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/06/2024, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 5 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*1.Aprobar as Bases reguladoras da Convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no Estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o ano 2024.*

*2.Aprobar a autorización de gasto de 175.000.-€ con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” do ano 2024, para a cobertura das*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

*100 bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2024.*

Incorpóranse ao presente expediente contido das tres actas de resolución provisional de baremación en xuntanzas mantidas pola Comisión de Valoración celebradas en datas do 22 e 30 de maio e 10 de xuño de 2024, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a adxudicación das bolsas “Concello de Vigo” aos posibles bolseiros/as, consonte co punto décimo primeiro “Concesión e resolución das axudas” das Bases e Convocatoria específica das Bolsas “Concello de Vigo” para a participación en estadias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2024.

Coa aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto noveno da referida convocatoria, e facendo constar que da información que obra no seu poder despréndese que os/as bolseiros/as propostos/as cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás bolsas, elabórase proposta de adxudicación e resolución das bolsas “Concello de Vigo” ano 2024 para alumnado da EOIV, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar as 44 bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosados nos idiomas de inglés (16 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, francés (4 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€ , alemán (5 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, italiano (7 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, portugués (1 bolsa) coa asignación económica individual de 1.450.-€, xaponés (8 bolsas) coa asignación económica individual de 2.200.-€ e chinés (3 bolsas) coa asignación económica individual de 2.200.-€

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 16 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE INGLÉS (1700.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Carneiro Lado	F. E.	***5830**	9.00
Pampin Di Leonforte	C. L.	***3448**	9.00
Fernandez Amigo	D. S.	***1633**	7.00
Gil Soto	I.	***8740**	7.00
Muñoz Santiago	S.	***0094**	7.00
Oliva Fernandez	I.	***2126**	6.85
Varela Romero	B.	***8738**	6.85
Falque Fernández	J. F.	***6860**	6.50
Araújo Hernández	J. A.	***9349**	6.00
Castro Gomez	A.	***1661**	6.00
Rios Loira	M.	***1612**	6.00

S.ord. 21/06/2024

Trabazo Acuña	M. D. L. C.	***1615**	6.00
Álvarez Regueiro	C.	***2105**	5.85
Souto Pérez	R.	***7074**	5.85
Iglesias Rodríguez	I.	***9107**	5.50
Pereira Álvarez	N.	***1076**	5.00

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 4 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (1700.-€)**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>PUNTOS</b>
Alonso Comesaña	S.	***8392**	9.50
Armada Herbelo	J. R.	***1956**	8.55
Romero Campos	A.	***6606**	6.50
Ferreira Rodríguez	A. M.	***2637**	5.00

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 5 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE ALEMÁN (1700.-€)**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>PUNTOS</b>
González Santos	B.	***0251**	9.35
Reguero Berenguer	L.	***4844**	8.50
González Fernández	C.	***6708**	7.50
Seijo Castro	J.	***8598**	7.50
Eijo Casal	O.	***7347**	5.35

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 7 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE ITALIANO (1700.-€)**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>PUNTOS</b>
Vila Melero	E.	***5005**	11.00
Barreiros Alonso	P.	***1758**	10.50
Gonzalez Miguez	A. M.	***7111**	10.50
Rapallo Díaz-Ureña	S.	***8526**	10.00
Aranda Ortega	M. P.	***1536**	8.85
Álvarez Figueroa	A.	***1727**	8.35
Briso Alonso	M. A.	***5734**	7.05





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

### ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 1 BOLSA "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS (1450.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Pazos Rodriguez	O.	***7765**	6.50

### ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 8 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (2200.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Pérez Moure	H.	***8698**	11.05
Vázquez Gil	J. J.	***1545**	10.35
Costas Salgueiro	I.	***7432**	9.70
Domínguez Pacheco	N.	***9075**	8.85
Villalón Amorín	J. F.	***7659**	8.50
Álvarez Vega	C.	***7425**	7.20
Amado Pérez	J.	***1856**	6.85
Fernandez Campo	J. M.	***7709**	6.85

### ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 3 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE CHINÉS (2200.-€)

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Alvarez Estevez	L.	***5633**	10.35
González Vilasó	C.	***9590**	10.00
Pozas Cuartero	M. T.	***7564**	10.00

2º.- Excluir aos seguintes alumnos/as solicitantes da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) polos motivos que se citan.

### ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" NO IDIOMA DE INGLÉS

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
Carrera Santos	A.	***2183**	B*
Garcia Garcia	V. B.	***3913**	B*
Pashova	S.	****5884*	A*
Veiga Cabaleiro	E.	***2967**	B*

**ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE FRANCÉS**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>MOTIVO EXCLUSIÓN</b>
Gream Granada	M. J.	***2289**	B*
Dacosta Argibay	M. J.	***5803**	B*

**ALUMNADO DA EOIV DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE ITALIANO**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>MOTIVO EXCLUSIÓN</b>
Babarro Rodríguez	D.	***7928**	A*
Di Bonaventura	V.	****3268*	B*

**ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE XAPONÉS**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>MOTIVO EXCLUSIÓN</b>
Castaños Gómez	M.	***1944**	B*

\*Motivos de exclusión:

- A: por non cumprir o requisito 1.I. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro de 2023*”
- B: por non cumprir o requisito 1.IV. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*ter aprobados dous cursos oficiais presenciais ou semipresenciais na EOI de Vigo nos últimos 5 cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa*”.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(454).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ADECUACIÓN E ACTUALIZACIÓN DAS FERRAMENTAS TELEMÁTICAS DE XESTIÓN DAS ESCOLAS MUNICIPAIS E PROGRAMAS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 29586/332.**

Visto o informe xurídico do 13/06/2024 e o informe de fiscalización de data 14/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/06/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada de



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 3 de febreiro de 2023, o concelleiro delegado da Área de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación dos servizos de mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación, de data 03/02/2023.
- Resolución do concelleiro delegado de Educación de data 03/02/2023 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, asinada o 31/01/2024 e rectificada o 04/06/2024.
- Declaración dos redactores do PPT, de data 09/04/2024.
- Prego de prescricións técnicas (PPT), de data 09/04/2024, redactado pola xefa do Servizo de Educación e polo xefe do Servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación de data 02/05/2024.
- Informe de data 03/05/2024 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Documentos contables RC 2024000099661 e RCFUT 2024000099662, respectivamente por importes de 6.581,19 e 47.958,29 euros, de data 005/06/2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 12/06/2024, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

**Obxecto:** O mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas dependentes do Servizo municipal de Educación do Concello de Vigo. Estas ferramentas inclúen aos aplicativos de xestión das escolas municipais dependentes do Servizo de Educación: REIM (Rede de Escolas Infantís Municipais, con 9 escolas infantís en funcionamento na actualidade), EMAO (Escola Municipal de Artes e Oficios), EMMV (Escola Municipal de Música de Vigo), ETRAD (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional), EMT (-Escola Municipal de Teatro) e EMD (Escola Municipal de Danza), aos aplicativos de xestión dos programas educativos municipais (Vigo en Inglés, Bolsas da Escola Oficial de Idiomas, Directorio dos Centros Educativos do Concello de Vigo, VigoEduca...) e das correspondentes páxinas web ([www.emmavigo.org](http://www.emmavigo.org); [www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org); [www.escolas.vigo.org](http://www.escolas.vigo.org)).

**Duración:** A duración do contrato será de catro anos; existindo a posibilidade de dunha (1) prórroga dun (1) ano de duración.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 13.702,37 euros (11.324,27 €, máis 2.378,10 € de IVE a soportar pola administración), polo que o prezo do contrato é de 54.809,48 € (45.297,08 € máis 9.512,40 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9910 “Estudos e traballos técnicos” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 09/04/2024, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/06/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 54.809,48 € (45.297,08 € máis 9.512,40 € de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos de mantemento, adecuación e actualización das ferramentas telemáticas de xestión das escolas municipais e programas dependentes do Servizo de Educación, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9910 “Estudos e traballos técnicos”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

- Anualidade 2024: 6.851,19 euros;
- Anualidade 2025: 13.702,37 euros;
- Anualidade 2026: 13.702,37 euros;
- Anualidade 2027: 13.702,37 euros;
- Anualidade 2028: 6.851,18 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 56.621,35 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

### **10(455).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 13/06/2024 DE APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTA DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2024-2025. EXPTE. 89019/332.**

Dáse conta da Resolución da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, de data 13/06/2024, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2024, acordou aprobar as "Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2024-2025."

De conformidade co establecido na base Décima das referidas Normas, reuníronse as Comisións de Baremación e Selección de solicitudes das escolas infantís municipais, os días 10 e 11 de xuño de 2024. Nestas sesións, sobre o traballo realizado polo Negociado de escolas infantís do Servizo municipal de Educación, elaboráronse os listados definitivos, unha vez aplicado o procedemento establecido nas citadas Normas, tendo en conta a documentación presentada polas persoas con praza provisional adxudicada, así como as reclamacións presentadas no prazo establecido. As reclamacións foron valoradas, recolléndose o resultado desta análise no Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2024-2025".

Doutra banda, elabórase outro listado coas solicitudes excluídas: Anexo II "Exclusión das listaxes de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2024-2025".

Á vista do anteriormente exposto, e de conformidade coa coa Resolución da alcaldía de data 03/07/2023 de delegación de competencias na Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e coa base duodécima das "Normas para a Adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2024-2025" e, propónse á concelleira da Área a adopción dos seguintes acordos:

- 1) Estimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 1 (M. Pastoriza Cabaleiro), nº 2 (S. González Rodríguez), nº 3 (M. dos Anjos dos Anjos), nº 4 (J. Vieira Vicente), nº 8 (S. Casares Lago) e nº 9 (A. Vidal Rodríguez) do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2024-2025" deste informe.
- 2) Desestimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 5 (N. Ardouin), nº 6 (X. Martínez Rodríguez), nº 7 (J. C. Cuerpo Sánchez) e nº 10 (S. dos Anjos Freitas) do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2024-2025" deste informe.
- 3) Corrixir de oficio o erro material na solicitude de S. Perdomo Valverde, polas razóns expostas na fila 11 do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2024-2025" deste informe.

S.ord. 21/06/2024

4) Corrixir de oficio o erro informático na solicitude de S. Teixeira González, polas razóns expostas na fila 12 do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2024-2025" deste informe.

5) Incluír a decisión da comisión de baremación celebrada o día 10/06/2024, pola que o alumno D. Machado Freitas pasa a ocupar dúas prazas na aula 3 da EIM Santa Cristina, polas razóns expostas na fila 13 do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2024-2025" deste informe.

6) Recoller a renuncia expresa á praza provisionalmente obtida na Rede de Escolas Infantís Municipais, da familia de A. Lago García, segundo se dispón na fila 14 do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2024-2025" deste informe.

7) Excluir, polas razóns expostas no Anexo II "Exclusións das listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2024-2025", deste informe, os/as seguintes solicitantes: C. Arnejo Martínez, E. Arnejo Martínez, A. Rodríguez Prieto, A. Collazo González, M. Alonso Núñez, E. Docampo Hierro, O. Mouriño Molanes, M. Rodríguez Rodríguez, E. Mariño Pereira, M. López Carpinteiro, D. Silva Fernández, V. Parente Vázquez e V. Herruzo González.

8) Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e de agarda da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM) para o curso 2024/2025 das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos, Santa Marta (previsto traslado a Praza da Industria), Tomás Alonso, Atalaia-Teis, Navia, Bouzas, Costeira-Saiáns e Bembrive, que se achegan a esta resolución e dispoñer a súa publicación na páxina web: <https://escolas.vigo.org/reim>

9) Contra a presente resolución poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución.

Desta Resolución darase conta á próxima Xunta de Goberno Local.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(456).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE "EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS". EXPTE. 97471/332.**

Visto o informe xurídico do 17/06/2024 e o informe de fiscalización do 18/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/05/2024, asinado polo técnico de actividades culturais e educativas do servizo de Educación e conformado pola xefa do servizo de Educación, a concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Con data de 15 de abril de 2024, a concelleira da Área de Goberno resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado polo técnico de actividades culturais, pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 15/04/2024.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 15/04/2024 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada polo técnico de actividades culturais e educativas, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda o 17/04/2024 e rectificada o 30/05/2024.
- Documentos contables RC 74565 e RCFUT 74565, por importes de 15.000,00 e 145.000,00 euros respectivamente, de data 19/04/2024.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 22/04/2024 redactado polo técnico de actividades culturais e educativas e pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración dos redactores do PPT, asinada polo técnico de actividades culturais e educativas e pola xefa do Servizo de Educación en data 22/04/2024.
- Memoria Xustificativa asinada polo técnico de actividades culturais educativas, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación o 30/05/2024.
- Informe de 30/05/2024 da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 30/05/2024 redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas que o Concello de Vigo programa anualmente para cada curso académico, orientado ao logro das denominadas competencias educativas básicas, para adquirir as habilidades instrumentais básicas de lectoescritura, de cálculo matemático, así como de información sobre o contorno e equipamentos culturais da cidade, mediante unha metodoloxía e proceso instructivo flexible e aberto, axeitado ás necesidades e características concretas dese alumnado adulto.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 4 (catro) anos e unha posible prórroga, cunha duración dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 40.000,00 euros.

Aplicación orzamentaria: 3260.227.9916 “Programa Educación básica persoas adultas”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 22/04/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 30/05/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas por procedemento aberto.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 160.000,00 euros, exento de IVE, para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal educación básica de persoas adultas, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9916 “Programa educación básica persoas adultas”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 15.000,00 euros correspondentes ao ano 2024;
- 40.000,00 euros correspondentes ao ano 2025;
- 40.000,00 euros correspondentes ao ano 2026;
- 40.000,00 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 25.000,00 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

### **12(457).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS. EXPTE. 17808/306.**

Vista a dilixencia de fiscalización de data 18/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/06/2024, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

I.- A Orde do 27 de maio de 2024, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia (DOGA 31/05/2024) establece as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR460D).

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude en data 10/06/2024 ditou orde de inicio de procedemento administrativo para solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia axudas no marco da convocatoria regulada pola citada "orde do 27 de maio de 2024 (DOGA 31/05/2024).

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentación emitiu informe asinado o 11/06/2024 sobre ter rendida a conta xeral do Concello de Vigo de 2022 ao Consello de Contas de Galicia nos prazos legalmente establecidos.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e da concelleira delegada de Área, asina memoria do servizo subvencionada o 17/06/2024.

#### **II.- Características da subvención:**

Obxecto da subvención (artigo 1): axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento dos gastos que realicen os concellos galegos para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal no ano 2024.

Financiamento (artigo 2): con cargo aos orzamentos xerais da C.A. de Galicia do ano 2024.

Entidades Beneficiarias (artigo 3): concellos galegos que cumpran os seguintes requisitos:

Ter espazos acuáticos naturais inscritos na sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galicia, adscrito ao órgano directivo competente en materia de saúde pública, ou ter instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal.

S.ord. 21/06/2024

Ter remitida a conta xeral do concello, correspondente ao exercicio orzamentario de 2022, ao Consello de Contas.

Gastos subvencionables (artigo 4): os custes salariais en que incorra o concello, entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2024, do persoal adicado á prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos naturais situados no ámbito territorial do concello.

Entre os gastos subvencionables do persoal están:

*“3. De prestar o servizo de vixilancia, rescate e salvamento unha empresa externa me diante un contrato de servizos, serán subvencionables os gastos desta contratación, na contía que corresponda exclusivamente aos custos do devandito servizo prestado entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2024. Non se subvencionarán os custos destinados á prestación doutros servizos ou funcións, aínda que formen parte do obxecto do mesmo contrato de servizos.”*

Contía e intensidade da subvención (artigo 5):

*“2. O importe máximo da subvención inicial asignada a cada concello non poderá superar o 90 % do orzamento establecido na memoria a que fai referencia o artigo 7 destas bases, co límite de 40.000 euros por entidade beneficiaria.*

*3. No caso de que exista crédito suficiente para atender as solicitudes, poderá incrementarse a dita porcentaxe, sen que en ningún caso o importe da subvención poida superar o orzamento das actuacións para as que se solicita a subvención.”*

Forma e prazo de presentación de solicitudes (art. 6): Por medios electrónicos a través de formulario normalizado, no prazo dun mes desde a publicación da orde no DOG (31/05/2024).

Por tanto, o prazo de presentación da solicitude remata o 30 de xuño de 2024.

Documentación (artigo 7): A solicitude da subvención precisa, entre outra documentación, conforme ó artigo 7 da citada Orde de 27 de maio de 2024:

*“Artigo 7.*

*Documentación complementaria*

*1. Os concellos interesados deberán achegar co anexo I de solicitude, debidamente cuberto, a seguinte documentación:*

*a. Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello solicitante, no modelo do anexo II, na cal se faga constar:*

*1. O acordo do concello polo cal se solicita a subvención para as actuacións concretas que se pretenden desenvolver ao abeiro desta orde e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.*

*Este acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes e nel constará expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

2. A remisión da conta xeral do concello ao Consello de Contas de Galicia, correspondente ao exercicio orzamentario de 2022, á cal fai referencia o artigo 3.1.b) desta orde.

No certificado quedará acreditado que esta remisión se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de envío ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas en que non se faga constar esta data de remisión.

b. Unha memoria do servizo que se vai realizar, asinada electronicamente polo alcalde ou pola alcaldesa, en que se detalle o persoal e o orzamento relativo aos custos de persoal de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal ou, de optar pola xestión indirecta do servizo, o orzamento do contrato.

(...)"

Forma de xustificación e pagamento da actividade: Na forma sinalada no artigo 16 da Orde. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas é o 30 de setembro de 2024 e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de 2024.

### III.- Memoria do servizo subvencionable.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e da terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, asinan memoria do servizo subvencionada en data 17/06/2024.

Os aspectos mais salientables da memoria do servizo subvencionable son os seguintes:

#### *"ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE DO CONCELLO DE VIGO.*

*O Concello de Vigo cumpre cos requisitos establecidos no artigo 3 da Orde do 27 de maio de 2024 (DOGA 31/05/2024) para ser beneficiaria da subvención.*

*O Concello de Vigo presta os servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos naturais, once praias, situadas no Concello de Vigo para o período 1 de xuño de 2004 ata o 15 de setembro de 2024 a través dun contrato administrativo de servizos (artigo 4, apartado 1 e 3 da orde).*

#### *VIXENCIA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DOS SERVIZOS:*

*A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do día, 1 de setembro de 2023, aprobou a segunda prorroga anual, para o ano 2024, período de prestación dos servizos de 15 de xuño a 15 de setembro, do vixente contrato de servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (12 areas), adxudicado á empresa Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de abril de 2020, expte. 14428/306, (formalizado en documento administrativo 26 de maio de 2020), modificado por acordos da Xunta de Goberno Local en sesións do 26 de maio de 2022 (expte. 6779/241) e 27 de abril de*

2023 (expte. 6880/241), (formalizadas as modificación en datas 15/07/2022 e 23/05/2023, respectivamente), por un importe para a anualidade 2024 de 658.745,77 euros IVE 21% engadido, dos que 378.572,54€ serían con cargo á partida 1720.227.01.00 "Vixilancia Praias" e 280.173,23€ con cargo á partida 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias" (expte. 14429/306).

**ORZAMENTO SUBVENCIONABLE DO SERVIZO DE VIXILANCIA , RESCATE E SALVAMENTO:**

O artigo 4.3. da Orde da convocatoria sinala:

*"3. De prestar o servizo de vixilancia, rescate e salvamento unha empresa externa mediante un contrato de servizos, serán subvencionables os gastos desta contratación, na contía que corresponda exclusivamente aos custos do devandito servizo prestado entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2024. Non se subvencionarán os custos destinados á prestación doutros servizos ou funcións, aínda que formen parte do obxecto do mesmo contrato de servizos."*

Tamén, o artigo 7.b. da Orde da convocatoria sinala, entre a documentación esixible:

*"b. Unha memoria do servizo que se vai realizar, asinada electronicamente polo alcalde ou pola alcaldesa, en que se detalle o persoal e o orzamento relativo aos custos de persoal de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal ou, de optar pola xestión indirecta do servizo, o orzamento do contrato."*

De conformidade co exposto, o vixente contrato administrativo do servizos do Concello de Vigo ten por obxecto "servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas (12 areas) do Concello de Vigo" por un importe total de 658.745,77 euros IVE 21% engadido para o período 15 de xuño a 15 de setembro de 2024.

O orzamento (prezo) dos "Servizos de vixilancia, Socorrismo, Salvamento" en doce (12) areas do Concello de Vigo, do 15 de xuño ó 15 de setembro de 2024, que corresponden ós gastos subvencionables (art. 4.1. da orde Servizos de vixilancia, rescate e salvamento) ascendería ó importe de 378.572,54€ (IVA 21% engadido) que se financian con cargo á partida 1720.227.01.00 "Vixilancia Praias" do Orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Orzamento subvencionable servizos vixilancia, Socorrismo, Salvamento

Importe base: 312.869,87 euros

IVE (21%): 65.702,67 euros

Importe total: 378.572,54 euros.

(...)"

#### **IV.- Financiamento das actuacións**



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Segundo a citada memoria de data 17/06/2024, o importe dos servizos subvencionables de vixilancia, socorrismo, salvamento, que se desenvolven do 15 de xuño ó 15 de setembro, en 12 praias do Concello de Vigo, será de 312.869,87, máis o IVE do 21% que é de 65.702,67 euros, que fai un total de 378.572,54 euros.

O importe máximo da subvención sería do 90 % do dito orzamento establecido na memoria, co límite de 40.000 euros por entidade beneficiaria, sen prexuízo de que si existira crédito suficiente para atender as solicitudes, poderá incrementarse a dita porcentaxe, sen que en ningún caso o importe da subvención poida superar o orzamento das actuacións para as que se solicita a subvención (artigo 5 da Orde do 27 de maio de 2024)

Os gastos destas actuacións subvencionables encadraríanse dentro do vixente contrato administrativo de “servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (12 areais), prorrogado por acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de setembro de 2023, por un importe para a anualidade 2024 de 658.745,77 euros IVE 21% engadido, dos que 378.572,54€ serían con cargo á partida 1720.227.01.00 “Vixilancia Praias” e 280.173,23€ con cargo á partida 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias” (expte. 14429/306).

Documentos contables do gasto:

AD 12024000051525 de data 25/03/2024 por un importe de 378.572,54 €

AD 12024000051527 de data 25/03/2024 por un importe de 280.173,23 €

### **V.- Fundamento xurídicos:**

As accións subvencionables encadraríanse dentro das competencias propias da Administración municipal e considérase xustificado o seu interese xeral toda vez que:

O artigo 25.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, sinala que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

Tamén, o apartado 2 do citado precepto establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA., en materias, entre outras, de protección civil e o medio ambiente urbano.

O artigo 110.i) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas indica que lle corresponde á Administración do Estado a elaboración e aprobación das disposicións sobre seguridade humana en lugares de baño e salvamento marítimo.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

S.ord. 21/06/2024

A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que “corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de vixilancia, auxilio e salvamento.

Por tanto, a día de hoxe a seguridade das persoas nas praias é unha competencia atribuída os concello de acordo co artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo e artigo 2.1. e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

A Área de Medio Ambiente ao abeiro da atribución de competencias do alcalde de data 03/07/2023 (BOPPO 14/07/2023), ten atribuído os servizos de vixilancia, rescate e salvamento nas praias, o que ven realización a través dun contrato administrativo de servizos (expte. 14428/306), nas que se encadrarían as accións subvencionadas.

Asemade, cúmprese os requisitos legais e formais esixidos pola Orde do 27 de maio de 2024, da CPXD da Xunta de Galicia (DOGA 31/05/2024), para ser beneficiarios da subvención que regula esta orde.

A competencia para efectuar a solicitude está atribuída ó alcalde ao abeiro do establecido no artigo 124.4. da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Porén, tal atribución delegouna na Xunta de Goberno Local segundo o establecido no apartado Primeiro. 1. da resolución de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO do 28/06/2023).

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia a subvención ao abeiro da Orde do 27 de maio de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR460D), conforme a memoria xustificativa do servizo subvencionado redactada e asinada dixitalmente polo xefe do Servizo de Medio Ambiente en data 17/06/2024, coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e da concelleira delegada de Área, cun orzamento total de 378.572,54 euros (IVE 21% engadido) e demais documentación obrante no expediente 17808/306, aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na citada orde.

**Segundo.-** Facer constar expresamente, como sinala o informe do Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentación do Concello de Vigo asinado dixitalmente o 11/06/2024 e obrante no expediente 17808/306, que a rendición da Conta Xeral do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 foi formada, tramitada e enviada ao Órgano de Control Externo (Tribunal de Cuentas do Estado e Consello de Contas de Galicia) nos prazos legalmente previstos no artigo 212 e 223 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Co número R20230041604 de rexistro de entrada do Concello de Vigo, documento 230418158, o Consello de Contas de Galicia, comunica que “como resultado, a conta xeral ten a consideración de conta rendida, con data 14/11/2023.....”.

**Terceiro.-** A concelleira delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez, en virtude da delegación de atribucións do alcalde nos concelleiros de datas 19/06/2023 e 03/07/2023, asinará electronicamente os documentos precisos en representación desta Administración municipal para solicitar a dita subvención.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(458).- NOMEAMENTO DE 11 FUNCIONARIOS INTERINOS PARA LIMPEZA DE PRAIAS E OS SEUS ACCESOS. EXPTE. 44249/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 17/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/06/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado pola xefatura de limpeza e xestión de residuos e coa conformidade da concellería competente, se solicitan á área de recursos humanos e formación, operarios/as peóns e oficiais condutores como interinos por acumulación de tarefas, para determinadas funcións de limpeza na época estival.

Achégase declaración responsable firmada polo xefe do servizo solicitante e o concelleiro delegado competente, na que se declara, entre outros aspectos, que a solicitude que se formula, en modo algún ten por obxecto suplir deficiencias de estrutura.

II.- Analizada a solicitude e declaración responsable, en data 28/05/2024 procédese á incoación de expediente, co cumprimento á limitación prevista nos vixentes criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, segundo a cal o persoal interino por acumulación de tarefas non pode superar o 3% do persoal funcionario, e que será nomeado ata o 31/10/2024.

III.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de 06/06/2024, 10 persoas aceptan o nomeamento como operarios/as peóns e 1 persoa acepta o nomeamento como oficial condutor, e están en condicións de ser nomeadas.

IV.- Consta no expediente informe técnico que inclúe a proposta de gasto.

V.- En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que "el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007,





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “**el exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**” (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

O persoal funcionario interino percibirá as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada.

Será responsabilidade do servizo solicitante de que as funcións ou tarefas a realizar en modo algún teñan por obxecto suplir deficiencias de estrutura.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### **V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación de data 06/06/2024, consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo número 43076/220 infórmase o seguinte:*

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino de operarios/as peóns e oficiais condutores/as por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do TREBEP), existen listas de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable (...)”



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

- “(…)De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/202, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como operarios/as peóns e oficiais condutores/as, as/aos candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

<b>Categoría: operario/a peón</b>		
NÚM. POSTO	DNI**	NOME E APELIDOS
3	***7236**	PABLO DOMÍNGUEZ COLLAZO
30	***1883**	RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA
33	***6532**	BRAIS CALLES ALONSO
34	***8217**	MANUEL DASILVA RIVAS
38	***7392**	PATRICIA BERMÚDEZ GARCÍA
39	***5210**	MARIA LUISA SILVA DOMÍNGUEZ
41	***5235**	GONZALO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
42	***5769**	GUILLERMO AGULLA GONZÁLEZ
43	***2919**	MARIA DEL CARMEN MIGUEZ MENDEZ
45	***6273**	MARIA DE LAS MERCEDES COSTAS COSTAS

<b>Categoría: oficial condutor/a</b>		
NÚM. POSTO	DNI**	NOME E APELIDOS
3	***1356**	JUAN ANTONIO ÁLVAREZ GONZÁLEZ

(…)”

Os aspirantes interesados e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

## VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 14/06/2024:

*“Vista a solicitude realizada polo Técnico de Admón. Xeral da Area de Recursos Humanos e Formación en relación coa “Cuantificación económica do gasto asociado ao nomeamento interino de 10 operarios/as peóns (Agrup. Prof. E) e 1 oficial condutor/a (subgrupo C2) por acumulación de tarefas (ata o 31/10/2024), ao abeiro do disposto no artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP, agas erro ou omisión, sería o seguinte:*

2024		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
4 meses	Peón	10	82.545,34	28.131,45
4 meses	Ofic. Conductor	1	8.931,46	3.320,72

*O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2024 no que respecta a retribucións por importe de 91.476,80 € e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2024 por importe de 31.452,17 €.”*

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

## VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

### VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 11 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 10 operarios/as peóns (Agr. Prof. E) e 1 oficial condutor (subgrupo C2).
- Modalidade legal: funcionaria/o interina/o por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destino: Servizo de limpeza e xestión de residuos
- Período temporal: ata 31/10/2024.
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente de data 14/06/2024:

*“Vista a solicitude realizada polo Técnico de Admón. Xeral da Area de Recursos Humanos e Formación en relación coa “Cuantificación económica do gasto asociado ao nomeamento interino de 10 operarios/as peóns (Agrup. Prof. E) e 1 oficial condutor/a (subgrupo C2) por acumulación de tarefas (ata o 31/10/2024), ao abeiro do disposto no artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP, agas erro ou omisión, sería o seguinte:*

2024		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
4 meses	Peón	10	82.545,34	28.131,45
4 meses	Ofic. Conductor	1	8.931,46	3.320,72

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2024 no que respecta a retribucións por importe de 91.476,80 €

S.ord. 21/06/2024

e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2024 por importe de 31.452,17 €.”

Todo elo, consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como operarios/as peóns e oficial condutor, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, aos seguintes candidatos:

<b>Categoría: operario/a peón</b>		
NÚM. POSTO	DNI**	NOME E APELIDOS
3	***7236**	PABLO DOMÍNGUEZ COLLAZO
30	***1883**	RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA
33	***6532**	BRAIS CALLES ALONSO
34	***8217**	MANUEL DASILVA RIVAS
38	***7392**	PATRICIA BERMÚDEZ GARCÍA
39	***5210**	MARIA LUISA SILVA DOMÍNGUEZ
41	***5235**	GONZALO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
42	***5769**	GUILLERMO AGULLA GONZÁLEZ
43	***2919**	MARIA DEL CARMEN MIGUEZ MENDEZ
45	***6273**	MARIA DE LAS MERCEDES COSTAS COSTAS

<b>Categoría: oficial condutor/a</b>		
NÚM. POSTO	DNI**	NOME E APELIDOS
3	***1356**	JUAN ANTONIO ÁLVAREZ GONZÁLEZ

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo as/os aspirantes nomeadas/os, á xefatura do Servizo de Limpeza, Concellería delegada, Intervención Xeral Municipal, Tesourería/Nóminas, inspección de persoal, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

**QUINTO:** Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(459).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE “XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN” MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO. EXPTE. 1691/1102.**

Visto o informe de fiscalización do 14/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/06/2024, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023

S.ord. 21/06/2024

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

En data 5.06.2024 por Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo do xefe/a do servizo de contratación.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

- d) Regulamentos e ordenanzas locais.
- e) Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acordo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administraciones públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública. A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño del posto convocado (Sentencia Audiencia Nacional de 12 Jun. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante tal e como sinala a STXG 338/2018 cando “ a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido.” e engade “ En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1 ), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”

Neste senso a RPT do ano 2022 contén memoria na que se determina que serán obxecto de provisión polo sistema de concurso específico as xefaturas de servizo que segundo o sinalado na guía de funcións e que segundo a RPT vixente teñen complemento de destino 28 e postos de nivel equivalente, entre as que se atopa a Xefatura Servizo de Contratación.

#### SEGUNDO.- Do procedemento.-

Consta no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de Xefe/a do Servizo de contratación que se incorporan como anexo a proposta de acordo. As bases incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 resultantes da negociación colectiva coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases de provisión do posto e convocatoria é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte , **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras transcritas no Anexo I, para a provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Contratación mediante o sistema de concurso específico.

**SEGUNDO.-** Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

**TERCEIRO.** - Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **ANEXO I**

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO ESPECIFICO (1691-1102).-

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

É obxecto da presente convocatoria a provisión dun posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1 mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a do Servizo de Contratación
- Servizo no que se adscribe: Área de Contratación e novos Proxectos
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 2420102
- Escala: Administración xeral
- Subescala: Subescala Técnica
- Grupo: A1
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico anual: 34.198,22 €
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Servizo publicada no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

### SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude o aspirante deberá ter unha antigüidade mínima de 3 anos como funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TREBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TREBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

Os funcionarios de carreira que desexen participar nesta convocatoria presentarán por medios electrónicos a instancia en modelo facilitado polo Concello e na páxina web do Concello no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo do área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e estas serán vinculantes para o petionario e o destino adxudicado será irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión do aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

### **TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.**

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo reclamacións. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de admitidos e excluídos con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos que será publicada na páxina web do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución os aspirantes excluídos poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concalleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnalas directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado.

### **CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-**

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

**PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos.** A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

**A).- Méritos xerais.-** A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

### **1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)**

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

### **1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)**

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

### **1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos).**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

### **1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)**

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

### **1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)**

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

### **1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)**



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concurse e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

### **1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)**

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

**B).- Méritos específicos.** A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

### **1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)**

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

#### **1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)**

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

#### **SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)**

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

3.- Proxecto de mellora funcional

4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado

- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concurra
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

#### **QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN**

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente, tres vocais, e un secretario e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación do comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, de acordo con o establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá o carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicarase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a realizar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### **SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN**

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos o funcionario poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen..

### **SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

### **OITAVO.- RECURSOS**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

S.ord. 21/06/2024

**15(460).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”. EXPTE. 1938/441.**

Visto o informe xurídico de data 13/06/2024 e o informe de fiscalización do 14/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta d 12/06/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 30.06.2023 acordou aprobar o proxecto de “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (59.677,07€) e de data sinatura dixital 19 de maio de 2023”. Expte. 6050-443.

II.- En data 06.10.2023, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de do proxecto de “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS” redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández. Expte. 1732-441.

Dito procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.11.2023, por non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo concedido para o efecto.

III.- Á vista do exposto, a empresa REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO S.L.N.E., presenta un novo proxecto de execución de “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (86.304,73 EUROS) e de data da sinatura dixital 9 de febreiro de 2024 e visado con data 15 de febreiro de 2024.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 01.03.2024, en vista do informe-proposta do xefe do servizo de Deportes e do xefe de Vías, Obras e Infraestruturas, e coa conformidade do Concelleiro Delegado de Deportes, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 11.03.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 18.03.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22.03.2024 aprobou o proxecto de de “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (86.304,73 EUROS) e de data da sinatura dixital 9 de febreiro de 2024 e visado con data 15 de febreiro de



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

2024. (Expte. 6366-443).

VI.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 22.03.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6.366-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Deportes e polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas de data 04.04.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 04.04.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do servizo de Deportes e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12.04.2024.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación en data 19.04.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 03.05.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada en data 23.04.2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 29.05.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 29.05.2024.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de datas 20.06.2019 e 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun

S.ord. 21/06/2024

procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 11.03.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS", redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, asinado dixitalmente en data 09.02.2024.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 29.05.2024.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (86.304,73 EUROS) , sendo o importe correspondente ao IVE de 14.978,51 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420 212 00 00 (Mantemento e mellora instalacións deportivas.), a nivel de bolsa de vinculación, segundo a distribución de anualidades:

2024	86.304,73 €
------	-------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

### **16(461).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA PARA O DESEÑO, EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DA AVENIDA DE MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE PP.KK 0+000 E 2+370)-REAXUSTE Nº 2. EXPTE. 1717/441.**

Visto o informe de fiscalización do 13/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/06/2024, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 DE XUÑO DE 2023, entre outros asuntos acordou "Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda urbana dun convenio para o deseño, execución e financiación das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370)". Dito convenio foi asinado entre as partes en datas 12 e 13 de xullo de 2023.

2.- Respecto do seu financiamento, a cláusula cuarta do convenio establece que o orzamento estimado das actuacións obxecto deste convenio ascende a 16.800.000 euros, acordándose que se financien da seguinte forma:

<b>ORGANISMO</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
MITMA	11.200.000
CONCELLO DE VIGO	5.600.000
<b>TOTAL</b>	<b>16.800.000</b>

O financiamento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana levará a cabo con cargo á aplicación orzamentaria 17.38.453C.611 conforme á seguinte distribución de anualidades:

<b>ANUALIDADE</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
2023	1.000.000
2024	5.100.000
2025	5.100.000
<b>TOTAL</b>	<b>11.200.000</b>

O financiamento do Concello de Vigo levará a cabo con cargo á aplicación orzamentaria 15.32.619.00.91 conforme á seguinte distribución de anualidades:

<b>ANUALIDADE</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
2023	500.000
2024	2.550.000

2025	2.550.000
<b>TOTAL</b>	<b>5.600.000</b>

3.- Con data 16 de outubro de 2023, reúnese a Comisión Paritaria de Seguimento co seguintes temas tratados e acordos:

*“En virtud de la Cláusula Octava del vigente Convenio de 13 de julio de 2023, corresponde a la Comisión de Seguimiento el acuerdo y propuesta de los reajustes de anualidades; vistas las anualidades previstas en la Cláusula Cuarta, según la cual corresponde al ejercicio 2023 una anualidad de 1.000.000,00 € por parte del MITMA y una anualidad de 500.000,00 € por parte del Concello de Vigo, y visto el estado de tramitación del proyecto, no siendo posible consumir la anualidad, se acuerda proponer el reajuste de dichas anualidades trasladándolas al ejercicio de 2025 (sumándola en el caso del MITMA a los 5.100.000,00 € fijados para esa anualidad, dando un total resultante de 6.100.000,00 € para ese ejercicio de 2025, y sumándola en el caso del Concello de Vigo a los 2.550.000,00 € fijados para esa anualidad, dando un total resultante de 3.050.000,00 € para ese ejercicio de 2025), y elevarla para su tramitación.”*

Froito da devandita reunión, levantase e asinase na mesma data a correspondente acta, a cal consta incorporada no expediente administrativo. (tte. 55 do expte. 14717/441).

4.- En data 29.12.2023 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o reajuste das anualidades acordado e proposto pola Comisión Paritaria de Seguimento, trasladando a anualidade do exercicio 2023 ao exercicio 2025, segundo a seguinte distribución:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	2023	2024	2025
MITMA	11.200.000	0 €	5.100.000 €	6.100.000 €
CONCELLO DE VIGO	5.600.000	0 €	2.550.000 €	3.050.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>16.800.000</b>			

5.- Con data 7 de maio de 2024, celébrase a reunión nº2 da Comisión Paritaria de Seguimento co seguintes temas tratados e acordos:

*“En virtud de la Cláusula Octava del vigente Convenio de 13 de julio de 2023, corresponde a la Comisión de Seguimiento el acuerdo y propuesta de los reajustes de anualidades.*

*Vistas las anualidades vigentes, según la cual corresponde al ejercicio 2024 una anualidad de 5.100.000,00€ por parte del MITMS, y una anualidad de 2.550.000,00€ por parte del Concello de Vigo, y visto el estado de tramitación del proyecto, no siendo posible consumir la anualidad vigente, se acuerda proponer y elevar para su tramitación el siguiente reajuste.*

*Detracción de una cantidad de 3.900.000,00€ en el caso del MITMS de la anualidad de 2024, y una cantidad de 1.950.000,00€ en el caso del Concello de Vigo, trasladando dichas cantidades al ejercicio de 2026.”*

Froito da devandita reunión, levantase e asinase a correspondente acta, a cal consta incorporada no expediente administrativo. (tte. 89 do expte. 14717/441).





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Conforme ao establecido no Cláusula cuarta, durante a vixencia do contrato das obras obxecto do presente convenio as anualidades poderán axustarse en función do ritmo real das mesmas, sen que iso implique a necesidade de tramitar novas addendas ao convenio, e sen prexuízo da súa regularización no momento de aprobación da liquidación de leste.

2.- Que segundo o establecido no Cláusula oitava, correspóndelle a Comisión Paritaria de Seguimento, en caso de que fose necesario un reaxuste de anualidades, acordar e elevar a súa proposta, que se formalizará mediante a sinatura da correspondente acta.

3.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do reaxuste das anualidades do convenio.

Á vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### PROPOSTA

**Primeiro.**- Aprobado o reaxuste das anualidades acordado e proposto pola Comisión Paritaria de Seguimento, detraendo a cantidade de 3.900.000,00€ no caso do MITMA da anualidade do 2024, e a cantidade de 1.950.000,00€ no caso do Concello de Vigo, trasladando as ditas cantidades á anualidade do 2026, segundo a seguinte distribución:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	2024	2025	2026
MITMA	11.200.000,00 €	1.200.000,00 €	6.100.000,00 €	3.900.000,00 €
CONCELLO DE VIGO	5.600.000,00 €	600.000,00 €	3.050.000,00 €	1.950.000,00 €
TOTAL	16.800.000,00 €			

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade, así como ao Consello de Contas de Galicia, ao superar os compromisos económicos asumidos dos 600.000 euros.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(462).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA CANIDO E CONTORNA” Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE. EXPTE. 1997/441.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 13/06/2024, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de

S.ord. 21/06/2024

Servizos Xerais e o conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro. No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 4 de xuño de 2024 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA CANIDO E CONTORNA.”** O devandito informe indica o seguinte:

*“A rede de saneamento da rúa Canido e contorna é de tipo unitario. Este feito provoca que, con ocasión de precipitacións abundantes e intensas, a rede de saneamento entre en carga. A fin de evitar que a sobrecarga da rede provoque retrocesos a través das acometidas das vivendas e que estas acaben anegadas, prodúcense alivios dende a rede cara ao regato do Bao.*

*Ademáis, en paralelo ao regato do Bao, discurre tamén un colector de diámetro 500 mm que recolle as augas residuais que proveñen da rúa Ricardo Mella, e se dirixen cara a EBAR do Bao. Este colector sofre, en época de chuvias infiltración de augas brancas dende o regato próximo, contribuindo a sobrecargar a rede e o bombeo da EBAR do Bao.*

*Esta situación (sobrecargas na rede e EBAR; risco de retroceso nas acometidas das vivendas e alivios) debe corrrixirse, tendo en conta ademais o desenvolvemento de novas urbanizacións que se ten producido na contorna, e que se prevé que se poida seguir producindo no futuro de acordo as previsións do novo PXOM.*

*Resulta pois necesario unha mellora da rede de saneamento na rúa Canido e contorna, de xeito que se deseñe unha rede e EBAR con capacidade suficiente, que minimize as incorporacións de augas pluviais (augas brancas) cara os colectores así coma os alivios ao medio con ocasión de fortes precipitacións.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

*Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “Melloras na rede de saneamento da rúa Canido e contorna” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”*

V.- A vista deste informe, con data 6 de xuño de 2024 o Concelleiro da Area de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente **“MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA CANIDO E CONTORNA”**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do **“MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA CANIDO E CONTORNA”**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(463).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “SUBSTITUCIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN NA AVDA. DE SAMIL. FASE 1” E CUSTES ASOCIADOS AO MESMO. EXPTE. 4045/440.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 17/06/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** Con data 8 de agosto de 2016 o xefe da oficina de supervisión de proxectos D. Jorge Muñoz Rama emite informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **“SUSTITUCIÓN DE LA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN EN LA AVDA. DE SAMIL. FASE 1”** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 10 de agosto de 2016, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 11 de novembro de 2016 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **“SUSTITUCIÓN DE LA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN EN LA AVDA. DE SAMIL. FASE 1”**

**IV.-** Con data 30 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer á entidade concesionaria un investimento de 3.265,30 euros en concepto dos custes asociados incorridos ata aquel momento para esta actuación (expte 6664-440).

**V.-** Con data 10 de xuño de 2024, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **“SUSTITUCIÓN DE LA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN EN LA AVDA. DE SAMIL. FASE 1”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Trinidad López Rodríguez, cun orzamento de execución material de CENTO CORENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (142.852,70 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de CENTO SESENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO EUROS con SETENTA E UN CÉNTIMOS (169.994,71 EUROS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 25/04/2024.

**VI.-** Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	2.857,05 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	2.857,05 €
Coordinación de seguridade e saúde	Ruth Caballeira Martín (CIES ATLANTICO)	714,26 €
Control y Seguimiento Arqueolóxico	Alfonso Collazo Martinez	2.760,00 €
	SUMA	9.188,36 €



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

	11% Gastos de Xestión	1.010,72 €
	TOTAL (IVE excluído)	10.199,08 €

Así mesmo, a empresa concesionaria informa que *“debe tenerse en conta que de los citados costes, ya fue objeto de reconocimiento de inversión un importe de 3.265,30 euros, en concepto de avance de los trabajos, según acuerdo de la Xunta de Gobierno Local de fecha 30 de diciembre de 2020”*.

**VII.-** A Enxeñeira Industrial Municipal e a Técnica Medida de Obras Públicas en datas 11 de xuño de 2024, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VIII.-** Con datas 13 de xuño de 2024 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Gobierno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

### **Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**I.** Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de “**SUSTITUCIÓN DE LA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN EN LA AVDA. DE SAMIL. FASE 1**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Trinidad López Rodríguez, cun orzamento de execución material de CENTO CORENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (142.852,70 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de CENTO SESENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO EUROS con SETENTA E UN CÉNTIMOS (169.994,71 EUROS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 25/04/2024.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**SUSTITUCIÓN DE LA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN EN LA AVDA. DE SAMIL. FASE 1**” por un importe de 10.199,08 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	2.857,05 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	2.857,05 €
Coordinación de seguridade e saúde	Ruth Caballeira Martín (CIES ATLANTICO)	714,26 €
Control y Seguimiento Arqueolóxico	Alfonso Collazo Martinez	2.760,00 €
	SUMA	9.188,36 €
	11% Gastos de Xestión	1.010,72 €
	TOTAL (IVE excluído)	10.199,08 €

**Terceiro.-** Designar como dirección facultativa da obra ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Saldado e ao Xefe da Unidade Técnica de implantación de servizos na vía pública D. Jorge Muñoz Rama.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(464).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL”. EXPTE. 6430/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 17/06/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro da Área de Fomento en data 15.02.2024 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL” a favor do arquitecto Emilio Estévez Fernández.

**II.-** O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO TRINTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (138.684,93 €).

**III.-** O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 05.06.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e Servizos, na data 06.06.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A actuación se desenrola no edificio do situado en la Praza do Rei nº 1, nas dependencias da Policía local. O edificio encóntrase acabado e operativo dende o ano 1976 e conta con accesos directos pola Praza do Rei e a rúa Granada.As obras contempladas no proxecto son as seguintes:

Reparación da cuberta transitable.

- . Retirada do pavimento de formigón de formación de pendentes e a impermeabilización.
- . Retirada da impermeabilización nos paramentos horizontais do peto e fachada.

S.ord. 21/06/2024

- . Limpeza, saneado e baleirado das xardineiras. Anulación do sistema de rego.
- . Retirada da unidade exterior de climatización e realización de pases para os tubos de ACS.
- . Limpeza e saneado da base e dos paramentos verticais.
- . Replanteo da cuberta.
- . Realización de pavimento composto polas seguintes capas:
  - Formigón celular en formación de pendentes.
  - Membrana impermeabilizante bicapa adherida ao soporte.
  - Lámina xeotextil.
  - Poliestireno extruído 3 cm.
  - Lámina xeotextil.
  - Capa de formigón de acabado con mallazo.
- . Impermeabilización do peto e fachada.
- . Colocación e selado de desaugadoiros.
- . Proba de estanquidade mediante inundación.
- . Remate con chapa de aceiro tanto a albardilla como o paramento vertical do peto.
- . Reposición de instalacións, recolocación da unidade exterior de climatización e tubos de ACS.

Revisarase toda a instalación eléctrica na zona afectada pola entrada de agua, ademais da iluminación.

Acondicionamento do interior das oficinas coa reposición de falso teito, substitución das luminarias por lámpadas led, substitución do pavimento en mal estado e pintados.

Rampla de acceso a planta soto -1.

- . Retirada do pavimento de granito e a base.
- . Retirada das reixas sumidoiro.
- . Retirada das primeiras hiladas de chapa de granito da fachada.
- . Escavación ata o nivel do forxado.
- . Limpeza, saneado e tratamento de fisuras e filtracións.
- . Impermeabilizar o paramento vertical e realizar gabia de drenaxe e recheos.
- . Realización de soleira da rampla con capa de impermeabilización e pavimento de granito similar ao existente e con baldosas recuperadas.
- . Proba de estanquidade.
- . Colocación das reixas sumidoiro.
- . Reposición de aplacado de granito en fachada.
- . Substitución da carpintería de fachada por unha de rotura de ponte térmico de aluminio na cor do resto do edificio con cristal térmico e de seguridade con cámara.

Revisarase toda a instalación eléctrica na zona afectada pola entrada de agua, ademais da iluminación.

Acondicionamento do interior das oficinas coa reposición de falso teito e pintados.

Zona xardineira no acceso.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

- . Retirada da xardineira e grifo de rego.
- . Retirada e posterior colocación da estatua.
- . Levantado de pavimento e base de formación de pendentes e sumidoiro.
- . Revisarase e inspeccionará o estado da estrutura afectada, forxado e piares e sanearase e reparará.
- . Realizar novo pavimento formado polas seguintes capas:
  - Formigón en formación de pendentes.
  - Membrana impermeabilizante bicapa adherida ao soporte.
  - Lámina xeotextil.
  - Capa de formigón de acabado con mallazo.
  - Reposición do pavimento.
- . Impermeabilización de fachada.
- . Proba de estanquidade.
- . Reposición da chapa metálica.
- . Reposición da estatua.

Saneado, limpeza e tratamento do forxado e dos piares afectados por humidades en vestiario da planta soto con pintado final. Revisarase o caxeado da baixante adherida ao piar e no seu caso demolerase para sanear a estrutura e realizarase un novo. Contemplase a eliminación de zonas pouco adheridas (desconches), cepillado de armaduras oxidadas e o seu tratamento e pintado. Limpeza e tratamento da adherencia para reposición de novo morteiro de reparación e posterior pintura.

Zona aparcamento policía.

- . Realizar nova cuberta con panel sándwich metálico sobre a existente con novos solapes e selados nos encontros laterais.
- . Limpeza do pavimento na base e retirada do bordo.
- . Retirada e substitución da impermeabilización en mal estado.
- . Limpeza, saneado e reparación de sumidoiros e dos encontros con pavimentos.
- . Revisarase o pavimento asfáltico sobre as oficinas para ver entradas de augas. No seu caso demolerase, realizaranse novas pendentes, impermeabilizacións e pavimento asfáltico.
- . Proba de estanquidade.

A superficie total directamente afectada polas obras é de 458,00 m<sup>2</sup>, correspondendo á zona da terraza do piso primeiro 111,50 m<sup>2</sup>, planta baixa zona de xardineira 12,50 m<sup>2</sup>, zona de rampla 28,00 m<sup>2</sup> e zona aparcamento 192,00 m<sup>2</sup>, e a superficie interior de oficinas directamente afectada estimase na planta baixa 98,00 m<sup>2</sup> e na planta soto 16,00 m<sup>2</sup>.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOUS) 2 meses.

**IV.-** A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite en data 13.06.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

S.ord. 21/06/2024

“(...)

*O proxecto de reparación realízase nun edificio existente, en solo urbano consolidado, segundo o PXOU/93 con aprobación definitiva publicada no DOG no 87 o día 10/05/1993.*

*O edificio inclúese no ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR (PEPRI) DO CASCO VELLO, con aprobación definitiva de 12/04/2007.*

*As obras a realizar son de conservación e mantemento, artigo 5.2.3.*

*Non modifica as condicións volumétricas, nin os usos, nin a ocupación ou a actividade do edificio, por tanto, considérase que, cúmprense as condicións urbanísticas.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”*

#### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que “non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

*Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

Aprobar o proxecto básico e de execución para a “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL”, redactado polo Arquitecto D. Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (138.684,93 €) e data da sinatura dixital 12 de xuño de 2024.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(465).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIAS DE MOBILIDADE PARA O FINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO PARA O ANO 2024. EXPTE. 4681/449.**

Visto o informe de fiscalización do 19/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/06/2024, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

PRIMEIRO.-A disposición adicional octoxésima cuarta da lei 31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 ( prorrogados para 2024) “Subvenciones a las entidades locales por servicios de transporte colectivo urbano interior” establece as bases reguladoras para que as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo especificado no seu apartado dous, “ En la distribución del crédito podrán participar los Ayuntamientos que dispongan de un servicio de transporte público colectivo urbano interior, cualquiera que sea la forma de gestión” podan solicitar e beneficiarse das axudas para o financiamento do servizo de transporte urbano interior que se preste no seu ámbito de competencia.

A disposición adicional establece unha dotación de 51.054.740 € a repartir entre tódolos beneficiarios, con cargo a aplicación orzamentaria 17.39.441M.462 establecendo no apartado dous os requisitos que é necesario cumprir, e no apartado sete a documentación que é necesario presentar.

A documentación que deben presentar as entidades locais interesadas e a que figura no apartado 7 da disposición adicional

O formato da documentación será o que determinen os órganos competentes do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e debe remitirse no prazo entre o 1 de xuño e 15 de xullo do ano en curso.

S.ord. 21/06/2024

SEGUNDO.- A Resolución da Dirección General de Estratexias de Mobilidade da data 1 de xuño de 2024 establece a forma de presentación da información requirida no apartado sete da disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogados para o 2024 en relación coa convocatoria de subvencións as entidades locais pola prestación de servizos de transporte colectivo urbano.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto no apartado nº 3 da Resolución da Dirección General de Estratexias de Mobilidade da data 1 de xuño de 2024, cando a solicitude de subvención non a presente directamente o Alcalde será necesaria a presentación dun documento de representación e engade que admitirase como documento de representación o documento de habilitación de representación para presentar a solicitude firmado polo Alcalde e polo Secretario Municipal ( apud acta )

CUARTO.-Considerando que de conformidade co disposto no nº 1 do decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 21 de xuño de 2023, Boe 123 de data 27 de xuño de 2023, lle corresponden a esta entre outras as seguintes atribucións:

“ A formulación de solicitudes de subvencións a outras administracións ou organismos público e aceptación da súa concesión “

A vista do exposto , e de conformidade co anterior, proponse a Xunta de Goberno Local , a adopción do seguinte :

#### ACORDO

PRIMEIRO.- SOLICITAR a Dirección Xeral de Estratexias de Mobilidade, a concesión da subvención prevista e regulada na disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 ( prorrogados para 2024 ) para o financiamento do servizo de transporte colectivo urbano interior que se presta no ámbito da competencia do Concello de Vigo , de conformidade co disposto na citada disposición e na Resolución da Dirección General de Estratexias de Mobilidade da data 1 de xuño de 2024

SEGUNDO.- DELEGAR no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Goberno de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención regulada na disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 ( prorrogados para 2024 ) para o financiamento do servizo de transporte colectivo urbano interior que se presta no ámbito da competencia do Concello de Vigo, de conformidade co disposto na citada disposición e na Resolución da Dirección Xeral de Estratexias de Mobilidade da data 1 de xuño de 2024

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma mediante o formulario que para ese efecto se estableza na Sede Electrónica do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(466).- APROBACIÓN INICIAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA. EXPTE. 16787/407.**

Visto o informe de fiscalización de data 06/06/2024 e o dictame favorable do Concello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 11/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico superior de actividades económicas e xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo e conformado polo xerente e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Vista a resolución da Vicepresidente de Urbanismo, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), emítase o seguinte informe:

1º) Os gastos que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización. No informe da unidade xestora do gasto e na memoria-incoación deste expediente exprésase o carácter específico e determinado do gasto.

2º) Dado o carácter inaprazable deste gastos e, ao mesmo tempo, necesario que sexan executados en este exercicio, sen que deba ter incidencia nos sucesivos exercicios.

3º) O importe de 885.130,05 euros destínase as seguintes partidas:

Partida	Concepto	Créd.inicial	Alta
1510.600005	Investimentos en terreos IFEVI-Lagares	0,00 €	215.130,05 €
1510.609005	Investimentos en actuación urbanísticas	0,00 €	520.000,00 €
<u>1510.780002</u>	<u>Axudas acondicionamento vivendas</u>		
<u>para alugueiro</u>	<u>0,00 €</u>		<u>150.000,00 €</u>
			TOTAL = 885.130,05 €

4º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 885.130,05 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

5º) O financiamento desta modificación realizarase mediante o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2023, segundo a Liquidación dese exercicio, era de 10.997.801,22 euros (resolución do Alcalde-Presidente de 07.02.2024, anexada ó expediente 16392/407). Deste importe utilizouse 897.554,88 euros nos expedientes de incorporación de remanentes, e de crédito extraordinario (16430/407 e 16520/407).

En consecuencia, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo:

“Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 885.130,05 euros (modificación nº 05/2024 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao expresado neste informe-proposta”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(467).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA SENDA FLUVIAL POLA MARXE DEREITA DO RÍO LAGARES DENDE A ESTRADA DE MOLEDO ATA A CONEXIÓN CO CARREIRO EXISTENTE NO POLÍGONO DE MIRAFLORES. EXPTE. 669/403.**

Visto o ditame favorable do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 18/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/06/2024, asinado pola técnica xurídica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a xefa do Departamento de Desenvolvemento e conformado polo xerente de Urbanismo e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.ANTECEDENTES E FEITOS**

I.I Compre traer a colación como antecedente do presente procedemento, o expediente tramitado nesta administración baixo o número 14889/407, no que, o Xerente desta Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, resolveu con data do 04.10.2022 autorizar a contratación do servizo de redacción do proxecto de execución da senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existente no polígono de Miraflores, de acordo co presuposto achegado, por un importe máximo de catorce mil setecentos oitenta e dous euros (14.782,00€) máis tres mil cento catro euros con vinte e dous céntimos (3.104,22€) en concepto de IVE, adxudicándoa á entidade FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTO S.A.U., con CIF A48252613.

I.II. Con data 23.03.2023, subscribiuse acordo de cesión de uso coa Comunidade de propietarios do polígono Miraflores -Sárdoma -Moledo, da finca da súa propiedade, dunha superficie de 25.640,00 m<sup>2</sup>, e no que nas súas estipulacións dita comunidade de propietarios cédelle ao Concello de Vigo o uso de 498,66 m<sup>2</sup>- (cesión acordada por unanimidade na Xunta xeral extraordinaria de dita comunidade celebrada con data do 13.03.2023)- e autoriza ao Concello de Vigo para a execución nesa exclusiva superficie de terreo para as obras necesarias para a senda peonil río Lagares, e autorizando ao Concello de Vigo para a súa apertura ao uso público, unha vez finalizadas as devanditas obras;



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

Reflictese que a cesión de uso, manterá a súa vixencia dun xeito indefinido; Do dito convenio tomou coñecemento o Consello da Xerencia na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11.04.2023.

I.III. En data 05.05.2023 a entidade adjudicataria "FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTO S.A.U." insería no rexistro electrónico desta XMU baixo o DOC. núm.230123203 e Cod.Sol.: W905069-1117, documentación técnica nomeada "Proxecto de senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existentes (polígono Miraflores, Vigo), de data xaneiro de 2023, asinada dixitalmente pola enxeñeira de camiños, canais e portos Mónica Campo Renedo e polo enxeñeiro técnico en topografía José Luis Llanos Campo.

I.IV. Tralo pedimento efectuado por esta administración, con data do 07.09.2023 recibíase no rexistro electrónico desta XMU (doc. núm. 230287341) Resolución ditada polo servizo territorial de Augas de Galicia (a súa referencia DH.W36.93966), polo que, autoriza ao Concello de Vigo con NIF P3605700H as obras na senda fluvial Miraflores, que se axustará ao disposto pola Lei de augas e polo Regulamento do Dominio público hidráulico, e ao debido cumprimento das condicións xerais e particulares que na mesma se indican, así como ás medidas de protección sinaladas polo Servizo de Patrimonio Natural.

I.V. Remitido o expediente instruído ao efecto, aos técnicos adscritos ao departamento de desenvolvemento urbanístico, constan emitidos os seguintes informes técnicos, de carácter favorable á actuación proposta:

\* Informe do Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU de data 14.11.2023, no que conclúe que, *"(..)Feitas as comprobacións técnicas referidas no presente informe, considérase que a documentación do proxecto é completa de acordo ao esixido no artigo 233 da LCSP e toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no art. 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de Febreiro de 2014 (en diante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 do 12 de Outubro".*

*Tendo en conta o anterior, informase favorablemente, para os efectos de control ordenado polo articulo 235 da citada Lei, o Proxecto de execución de senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares desde a Estrada de Moledo ata a conexión co carreiro existente no polígono de Miraflores(..)".*

\* Informe da Arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico de data 14.11.2023, verbo da viabilidade e compatibilidade urbanística coas previsións contidas na Revisión do PXOU/1993 en tramitación, no que conclúe que:

*"(..) As obras buscan dar continuidade ao actual paseo fluvial do Río Lagares, interrompido no interior do polígono, para o que executase uns 440m.l de senda peonil en xabre e dous treitos de pasarela de madeira pola servidume do río.*

*As obras atópanse na zona de servidume e de dominio público hidráulico do río Lagares, en zona asolagable e de fluxo preferente do río, contan coa autorización de Augas de Galicia mediante resolución de data 6/09/2023 segundo doc. nº 23028734 do expte. 669/403.*

*As circunstancias urbanísticas con respecto ao planeamento vixente, Plan General de Ordenación Urbana de 1993, mantense as sinaladas no informe pola arquitecta técnica municipal en data 6/04/2016.*

*As obras previstas no proxecto son plenamente compatibles e coinciden cos obxectivos da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en tramitación. Os terreos incluídos no proxecto están clasificados como Sistema Xeral de Zonas Verdes Espazos Libres do denominado Parque-Paseo lineal do Lagares 4, Treito: Avda. de Madrid-Fonte Santa, SX EL PARQ 032. O desenvolvemento deste SX de EL realizarase mediante un PE. 501 Plan Especial de Infraestruturas e dotacións do Parque Lineal do Lagares 2º Treito. Sárdoma-Castrellos co diferentes clasificacións de solo, dende solo urbano, urbanizable e ata solo rústico de especial de protección de augas. Entre outros obxectivos deste Plan Especial, sinalanse a protección do contorno do río Lagares e a rexeneración das súas marxes, posta en valor do sistema ambiental do río, priorizando a súa conectividade e continuidade, garantido a continuidade dos percorridos peonís e avaliar a creación de novos itinerarios, transversais e lonxitudinais, procurando a integración ambiental dos bordos do solo urbano e das infraestruturas viarias de accesos, xa sexan existentes ou proxectadas (..)”.*

I.VI. Neste estado da tramitación, con data 05.01.2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo: *PRIMEIRO.: Prestar aprobación inicial ao «Proxecto da senda fluvial no río Lagares, pola marxe dereita do río Lagares dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existentes (Polígono de Miraflores- Vigo)», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 05.05.2023 (DOC.NÚM.: 230123203 e COD. SOL.:W905069-1117), redactada pola entidade “Fulcrum” con data xaneiro de 2023, e asinada con data do 4 de maio de 2023 con firma dixital válida, pola enxeñeira de camiños, canais e portos Mónica Campo Renedo, e o enxeñeiro técnico en topografía José Luis Llanos Campo. SEGUNDO.: Someter ao trámite de información pública o proxecto, polo prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a publicación de senllos anuncios no “Diario oficial de Galicia”, no BOP de Pontevedra, e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que as persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e/ ou alegacións que consideren convenientes, en particular sobre á concepción global da actuación e á solución adoptada, computándose o remate do referido prazo dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría Xeral que ten atribuída a competencia.(..)”.*

I.VII. En cumprimento do acordado, someteuse o presente expediente ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a publicación de senllos anuncios no “Faro de Vigo” de data 12.01.2024, no “Boletín Oficial de Provincia” número 14, do 19.01.2024, no “Diario Oficial de Galicia” número 31, do 13.02.2024, e na Sede Electrónica do Concello de Vigo.

I.VIII. Con data do 01.04.2024 a xefa da oficina de rexistro da XMU, estende dilixencia para facer constar que, *“Proxecto de execución de senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares desde a estrada de Moledo ata a conexión co carreiro existente no polígono de Miraflores”, someteuse ao*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

trámite de información pública, polo prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 12 de xaneiro de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 14, do 19 de xaneiro de 2024), no Diario Oficial de Galicia (número 31, do 13 de febreiro de 2024) e na sede electrónica do Concello de Vigo.

Durante o dito prazo presentáronse os seguintes escritos de alegación:

Data rexistro entrada	Número de documento e código de solicitude	Interesado
05/02/2024	240043495 (código de solicitude: W1058613-8677)	Aliseda, SAU

En base a mesma, en data 01.04.2024 o secretario accidental da XMU co visto e prace da Concelleira delegada da área de goberno de urbanismo e vivenda, emite o correspondente certificado de fin de exposición pública, do seguinte teor literal.

Que, durante o período de información pública do expediente núm. 669/403, do "Proxecto de execución de senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares desde a estrada de Moledo ata a conexión co carreiro existente no polígono de Miraflores", aberto polo prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 12 de xaneiro de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 14, do 19 de xaneiro de 2024), no Diario Oficial de Galicia (número 31, do 13 de febreiro de 2024) e na sede electrónica do Concello de Vigo, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 1 de abril de 2024, pola Xefa da oficina do Rexistro da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegación:

Data rexistro entrada	Número de documento e código de solicitude	Interesado
05/02/2024	240043495 (código de solicitude: W1058613-8677)	Aliseda, SAU

I.IX. Con data do 10.04.2024 tiña entrada no rexistro electrónico desta XMU, un escrito asinado pola representación da entidade "Aliseda, SAU", (Cod. Sol.: W1087843-7885) no que expresa a súa proposta para a subscripción dun acordo de cesión temporal dunha superficie de 752 m<sup>2</sup> da finca 27 do polígono Miraflores, finca rexistral 66240 do Rexistro da Propiedade núm. 5 de Vigo, parcela con referencia catastral 4040158NG2744S0027YP, para uso público destinado a dar cumprimento aos obxectivos do proxecto da senda fluvial no río Lagares, pola marxe dereita, dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existente, e en consecuencia, **a desistencia as alegacións presentadas ao mesmo.**

A vista do dito escrito, procedeuse nesta administración a apertura do expediente electrónico núm. 5326/401, no que consta a sinatura en data 30.05.2024 do acordo de cesión coa entidade mercantil "Aliseda S.A.U" con CIF núm. A-28335388, polo que lle cede ao Concello de Vigo o uso de 752 m<sup>2</sup> de superficie de parcela da súa propiedade, da seguinte descrición "URBANA: Solar: Número de la Propiedad Horizontal VEINTISIETE. Situada en VIGO en PARROQUIA SARDOMA S/N con una superficie del terreno de 1.375 m<sup>2</sup>s. Linderos: norte, ZONAS COMUNES; sur, RIO LAGARES; este,

S.ord. 21/06/2024

RIO LAGARES; oeste, RIO LAGARES . CUOTA: tres enteros, cuatrocientas noventa y dos milésimas por ciento, DESCRIPCIÓN: SUPERFICIE TERRENO DESTINADA A APARCAMIENTO DE VEHICULOS, DEL TERRENO A SOLAR AL NOMBRAMIENTO DE "NEGRASES", "BARXA", "LONGA DE ABAJO" Y OTROS.. Identificador Único de Finca Registral: 36020000239236.En la agrupación de la finca matriz de la que esta forma parte, se inscribió con la superficie de 24.306,24 metros y se suspendió la inscripción respecto de 1.333,76 metros por falta de previa inscripción.

TÍTULO: Adquirida por APORTACIÓN SOCIAL en virtud de escritura pública, autorizada perante o notario DON IGNACIO RAMOS COVARRUBIAS EN MADRID, o día 27.05.2014, baixo o número 3.360 do seu protocolo.

INSCRICIÓN: Figura Inscrita no Rexistro da propiedade núm. 5 dos de Vigo, ao Libro 1588, Folio 1588, Finca número 66240.

Non existen cargas rexistrada e autoriza ao Concello de Vigo para a execución nesa exclusiva superficie de terreo para as obras necesarias para a senda peonil río Lagares, e autorizando ao Concello de Vigo para a súa apertura ao uso público, unha vez finalizadas as devanditas obras

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO/ VALORACIÓN XURÍDICA

### II.I Normativa examinada

TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,

O Plan especial de rexeneración do corredor natural do río Lagares (PERCNL), aprobado definitivamente o 03 de xullo de 1997, BOP núm. 178 do 16.09.1997, corrección de erros publicada no DOG do 14 de outubro de 1997,

Revisión do PXOU/1993, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria de data 26.08.2021 (Exp. 15313/411),

Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,

Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA)

O Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH),

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

O resto de disposicións que poidan afectar,

### II.II Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

A natureza do presente proxecto técnico destinado á realización dunha “Senda fluvial” no río Lagares no tramo comprendido dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existente (Polígono de Miraflores- Vigo),- co obxectivo de servir de conexión ente os tramos de paseo fluvial existentes na actualidade, proporcionando continuidade ao mesmo, que inclúe as obras que se describen polo miúdo no proxecto técnico achegado, e que se reflicten na autorización outorgada por Augas de Galicia con data 06.09.2023 e no informe técnico municipal subscrito con data do 14.11.2023 - , é a dos denominados proxectos de obra ordinaria, os cales e consonte ao artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en diante RLSG) tramitaranse e aprobaranse segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que se refiren tamén os artigos 30,36 ,227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun Plan de ordenación, como acontece no presente suposto.

A zona na que se implantará a senda peonil obxecto do presente expediente, de conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), discorre por solos con distintas clasificacións- solos urbanos, solos non urbanizables e solos urbanizables non programados, e dentro do ámbito do Plan especial de Rexeneración do corredor natural do río Lagares, aprobado definitivamente o 03.07.1997, recollido integramente no PXOU de 1993, que inclúe o ámbito de intervención deste proxecto dentro da denominada “Área de Protección” en concreto na zona de ribeiras e marxes na súa meirande parte, na zona de aptitude recreativa (ZAR), na zona de interese natural “Freixas”, e na zona de ribeiras e marxes/Espazo industrial directo, que tal e como se reflicte no informe do xefe de urbanización e infraestruturas de 04.09.2018 se axustan as permitidas con carácter xeral nas devanditas zonas e áreas por onde discorre a senda proxectada-.

De conformidade co informado pola arquitecta xefa do departamento urbanístico verbo da viabilidade e compatibilidade do presente proxecto coas previsións contidas na Revisión do PXOU/93, as obras previstas son plenamente compatibles e coincide cos obxectivos da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal en tramitación.

En relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 14.11.2023 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ao esixido no artigo 233 da LCSP e toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente.

### II.III. Autorización de Augas de Galicia

Obra incorporado ao presente expediente, a preceptiva autorización outorgada en data 06.09.2023 polo Subdirector xeral de xestión do dominio público hidráulico a proposta do xefe territorial de augas de Galicia, propondo autorizar ao Concello de Vigo as obras da senda fluvial Miraflores, no Concello de Vigo; dita autorización axustarase ao disposto pola Lei de Augas e polo Regulamento do dominio público hidráulico, ademais do cumprimento das seguintes condicións:

*Xerais*

- 1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*
- 2. Outórgase sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*
- 3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

S.ord. 21/06/2024

4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca

fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6. O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse aos intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.

7. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.

8. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

#### Particulares

1. As obras serán os traballos correspondentes ao proxecto de "SENDA FLUVIAL POR EL MARGEN DERECHO DEL RÍO LAGARES DESDE LA ESTRADA DE MOLEDO HASTA LA CONEXIÓN CON EL SENDERO EXISTENTE (POLÍGONO MIRAFLORES)" en canto non resulten modificadas polas presentes condicións, consistente na execución dunha senda de 438 m de lonxitude, cun treito de 331 m con acabado en xabre e de 106m con pasarela de madeira, actuacións de canalizacións de evacuación de pluviais e drenaxe, de abastecemento, de mobiliario urbano e de ordenación ecolóxica e paisaxística, en zona de servidume e dominio público hidráulico do río Lagares (IDCURSO=10037974), no polígono de Miraflores, na parroquia de Sárdoma, concello de Vigo (Pontevedra).

2. Debe destacarse que a zona de actuación se atopa nun área de risco potencial significativo ARPSI, cualificado como zona de fluxo preferente e zona asolagable para un período estadístico de retorno de  $T= 10/100/500$  anos na que o titular da autorización coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso e comprométese a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.

O titular asume os riscos derivados da condición da zona de fluxo preferente e asolagable de  $T= 10/100/500$  anos polo que calquera incidencia que se derive en episodios de enchentes nos traballos que se autorizan será responsabilidade do titular.

3. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.

4. Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.

5. Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias

6. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle. De xeito especial, prohíbese expresamente verter no



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

*propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como o cambio de aceite de maquinaria de construción.*

*Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ao río por escorrentas ou cheas.*

*Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.*

*7. Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase á súa rehabilitación, descontaminando a terra e, se for preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*

*8. O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.*

*9. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.(..)"*

### II.IV. Disponibilidade dos terreos

Tal e como se ten indicado nos previos antecedentes de feito, incorpóranse e forman parte do presente expediente, os acordos de cesión de uso asinados con data do 23.03.2023 e 30.05.2024 coa coa Comunidade de propietarios do polígono Miraflores -Sárdoma -Moledo, e a entidade mercantil "Aliseda SAU" respectivamente, das xa indicadas superficies de terreo das parcelas das súas propiedades, autorizando expresamente ao Concello de Vigo para a execución nesa exclusiva superficie de terreo para as obras necesarias para a senda peonil río Lagares, e a súa ulterior apertura ao uso público, unha vez finalizadas as mesmas.

### II.V. Viabilidade económica do proxecto

Con data do 29 de abril de 2024 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, prestou aprobación a modificación orzamentaria 03/24 da Xerencia municipal de urbanismo (Crédito extraordinario), expediente 16520/407, expediente pleno 4346/1101, na que se inclúe a partida 1510.6090500 urbanización contorna polígono Miraflores, por un importe de 327.676,59 euros.

### II.VI .Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (arts. 10.1 d, 10.1.j) e 2.4.A.12 dos Estatutos da XMU, na súa versión consolidada, AD Pleno do Concello do 06.09.2010).

Por canto antecede, e de conformidade cos informe técnicos favorables emitidos con data 14.11.2023, que se incorpora ao texto do presente e lle serven de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación definitiva ao «*Proxecto da senda fluvial no río Lagares, pola marxe dereita do río Lagares dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existentes (Polígono de Miraflores- Vigo)*», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 05.05.2023 (DOC.NÚM.: 230123203 e COD. SOL.:W905069-1117), redactada pola entidade FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTO S.A.U con data xaneiro de

2023, e asinada con data do 4 de maio de 2023 con firma dixital válida, pola enxeñeira de camiños, canais e portos M. C. R, e o enxeñeiro técnico en topografía J. L. Ll. C.

SEGUNDO.: Ordenar a publicación do presente acordo no “Diario Oficial de Galicia”.

TERCEIRO.: O contido integro do proxecto aprobado definitivamente estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/), no apartado de planeamento de desenvolvemento en tramitación, e no Portal de Transparencia.

CUARTO.: Perante o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo de un mes dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, contados dende o día seguinte ao da publicación da presente resolución no Diario oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10,14, e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(468).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL DO ESPAZO DA “CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE S<sup>a</sup> MARÍA DE VIGO”. EXPTE. 9888/336.**

Visto o informe xurídico de data 17/06/2024 e o informe de fiscalización do 19/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/06/2024, asinado pola técnico medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira-delegada, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES XURÍDICOS.-**

- Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

- O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre si o con



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

suxeitos de dereito privado para un fin común.

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias pódase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

### **FINALIDADE.-**

- Constitúe o **obxecto do convenio** de colaboración a cesión de uso gratuíta, temporal e compartida, por parte da Diocese de Vigo-Tui á Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, do espazo coñecido como Casa Rectoral da parroquia de St<sup>a</sup> María de Vigo situado entre as rúas caracol e San Vicente e con fachada á rúa Méndez Núñez.

- A **finalidade principal** da colaboración entre as partes é a de ofrecer de xeito temporal e mentres se realizan na localización orixinal as reformas necesarias, un servizo de carácter permanente dirixido as familias da nosa cidade denominado **Espazo de dinamización infantil** e que vai destinado a nenos e nenas dende os 4 e ata os 12 anos de idade. O obxectivo fundamental deste espazo é a conciliación familiar e son espazos lúdico-educativos que empregan o xogo e o xoguete para procurar o desenvolvemento integral das nenas e dos nenos.

Este servizo municipal, instalado normalmente na rúa Lopez Mora 31, na actualidade está en proceso de reformas necesarias e o Concello vese na obriga de procurar un novo espazo que, de xeito temporal e urxente, permita seguir ofrecendo este servizo municipal para as familias da cidade.

- Para o adecuado desenrolo do servizo son necesarios como mínimo os seguintes espazos:

- Espazo/s para mesas e cadeiras e almacenamento dos xoguetes, neste espazo desenrolaranse as actividades.
- Espazo recepción dos e das menores.
- Servizos sanitarios, servizos de electricidade, agua e telefonía.

- A participación neste Convenio de colaboración enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a

satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción da cultura e de ocupación de tempo libre”. O Concello de Vigo desexa dar o máximo rendemento social posible aos seus centros e instalacións culturais.

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:**” Aprobar o texto do convenio colaboración entre o Concello de Vigo co BISPADO PARA TRASLADO TEMPORAL DO ESPAZO DE DINAMIZACIÓN INFANTIL DE XUVENTUDE (Lopez Mora 31) que consta anexado como borrador no presente expte 9888-336.

**SEGUNDO:** Aprobar o traslado temporal do espazo da ludoteca da Casa da Xuventude, co fin de darlle continuidade na maior brevidade posible, a un servizo que é referencia municipal no eido da conciliación familiar.

**TERCEIRO:** Facultar á Concelleira Delegada da área de Turismo e Xuventude, María del Carmen Lago Barreiro para asinar o citado convenio”.

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA “CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE S<sup>a</sup> MARÍA DE VIGO.  
Expte 9888-336

En Vigo , a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

### **REUNIDOS**

DUNHA PARTE, **DONA MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO**, na súa calidade de **Concelleira-delegada da área de Turismo e Xuventude do Concello de Vigo**, na representación legal do mesmo e no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, 3/07/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os delegadas/os de Área de Goberno e nas/os concelleiras/os delegadas/os, BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023); no exercicio das facultades e demais funcións que lle

S.ord. 21/06/2024





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

foron concedidas por razón do o seu cargo.

E DOUTRA, **D. José Vidal Novoa**, con NIF: R3600056-J, actuando na súa condición de Párroco de Santa María de Vigo e representante da Diocese de Tui-Vigo,

### MANIFESTAN

1.- Que a Diocese católica de Tui-Vigo é titular en pleno dominio e libre de cargas e gravames do edificio coñecido como Casa Rectoral da parroquia de Stª María de Vigo situado entre as rúas caracol e San Vicente e con fachada á rúa Mendez Núñez Nº 3, Vigo.

2.- Que o Concello de Vigo, en desenvolvemento da lexislación de réxime local, como entidade pública local de carácter territorial asumiu competencias relativas a servizos culturais e de ocupación do tempo libre, materia na que o municipio poden asumir competencias a tenor do disposto nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 80.2.n da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

3.- Que o Concello de Vigo ofrece un servizo de carácter permanente dirixido as familias da nosa cidade denominado **Espazo de dinamización infantil** e que vai destinado a nenos e nenas dende os 4 e ata os 12 anos de idade. O obxectivo fundamental deste espazo é a conciliación familiar e son espazos lúdico-educativos que empregan o xogo e o xoguete para procurar o desenvolvemento integral das nenas e dos nenos.

4.- Que este servizo municipal, instalado normalmente na rúa Lopez Mora 31, na actualidade está en proceso de reformas necesarias e o Concello vese na obriga de procurar un novo espazo que, de xeito temporal, permita seguir ofrecendo este servizo municipal para as familias da cidade.

5.- Que para o adecuado desenrolo do servizo son necesarios como mínimo os seguintes espazos:

- Espazo/s para mesas e cadeiras e almacenamento dos xoguetes, neste espazo desenrolaranse as actividades para un cupo máximo de 50 participantes diario.
- Espazo recepción dos e das menores.
- Servizos sanitarios con adaptación a discapacitados físicos.
- Servizos de electricidade, agua e telefonía.

5.- Que consta no expte informe de Patrimonio do Concello de Vigo, conforme non existen outros espazos propiedade do Concello de Vigo que reúnan as condicións e características necesarias para instalar na maior brevidade posible, o servizo de dinamización infantil da Casa da Xuventude.

6.- Que consta no expte informe de Urbanismo do Concello de Vigo, conforme este espazo reúne as condicións necesarias para a instalación e funcionamento deste servizo dirixido a nenos/as de entre 4 e 12 anos de idade.

Ao efecto as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente e,

### ACORDAN

#### PRIMEIRO: OBXECTO E FINALIDADE.

- Constitúe o obxecto do presente convenio a cesión temporal e gratuíta compartida do espazo

S.ord. 21/06/2024

da Casa Rectoral da parroquia de St<sup>a</sup> María de Vigo entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo co fin de ubicar de xeito temporal o servizo do espazo de dinamización infantil da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

- O Bispado da Diocese de Tui-Vigo cédelle ao Concello de Vigo o uso do inmovible situado entre as rúas caracol e San Vicente e con fachada á rúa Mendez Núñez Nº 3, Vigo, para destinalo aos fins manifestados no parágrafo anterior.

#### **SEGUNDO: USOS COMPARTIDOS**

- Os citados usos compartiranse coa Igrexa para a atención das necesidades parroquiais que se detallan de seguido:

a) O Concello disporá do pleno uso e desfrute da **planta baixa da Casa Rectoral** en todo o seu volume habitable, durante os días lectivos da semana (de luns a venres) en horario de tardes de 16hs a 20,30hs e polas mañás de 7,45hs a 15,15hs, soamente cando sexan vacacións escolares segundo o calendario escolar oficial e tamén, no mes de xullo como campamento urbano integrado no programa de verán xove da Concellería de Xuventude.

b) Durante as fins de semana e días festivos a Igrexa disporá da Casa Rectoral que precise para as actividades parroquiais que así o demanden ou lle sexan requeridas.

#### **TERCEIRO: DURACIÓN**

- A duración do presente convenio estipúlase por un prazo de 6 meses dende a sinatura do mesmo e **podería ser prorrogado de común acordo** nas condicións e termos que conveñan a ámbalas dúas partes.

#### **CUARTO: COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO E DA DIOCESE DE TUI-VIGO NO DESENVOLVEMENTO DA COLABORACIÓN.**

- Con arranxo á referida colaboración, o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude, comprométese a usar os espazos cedidos exclusivamente ao fin mencionado no presente convenio.

- A Diocese de Tui-Vigo comprométese a que o edificio reúne as condicións de salubridade e seguridade adecuadas para o desenvolvemento da actividade .

- O Concello de Vigo, unha vez posto en funcionamento o presente convenio, asumirá todos os custes derivados da conservación e mantemento do mesmo: calefacción, auga, electricidade, teléfono, internet.

- En todo caso o destino do inmovible acomodarse unicamente para aqueles usos e servizos públicos permitidos pola normativa de aplicación.

#### **QUINTO: CONDICIÓNS DA CESIÓN DO ESPAZO E OS EQUIPAMENTOS.**

A cesión de uso dos espazos someterase ás seguintes condicións:

- O Concello de Vigo deberá adoptar as medidas pertinentes para garantir a conservación, mantemento e demais actuacións que requiran o correcto uso e utilización do espazo obxecto de cesión.
  
- O Concello de Vigo responderá dos danos que puidesen ocasionarse por un uso inadecuado das instalacións utilizados en virtude do presente Convenio, así como da responsabilidade civil derivada do uso dos mesmos e da actividade levada a cabo polo seu propio persoal.

#### **SEXTO: RESOLUCIÓN E DESISTENCIA.**

- Son causas de resolución do presente Convenio, en función do establecido no art. 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen haberse acordado a prórroga do



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

mesmo.

- O mutuo acordo das partes asinantes, manifestado por escrito.
- O incumprimento dalgunha das partes das súas obrigacións nun período de trinta días a partir da notificación escrita pola outra parte, neste caso pode resolver unilateralmente o presente Convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lexislación vixente.

### **SÉTIMO: NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN APLICABLE AO CONVENIO.**

- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias poidase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

### **OITAVO: EFICACIA.**

- O presente Convenio será eficaz dende a firma do mesmo polas partes.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes subscriben o presente acordo no lugar e data que constan ao comezo deste documento.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Subvención a favor da entidade ULISESPROYECT Eventos Especiales SL en relación á organización do evento "O Marisquiño 2024". Expte. 23892/333.

- Expediente de contratación e de adxudicación do contrato baseado no Acordo Marco para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros pola Central de Contratación da FEMP. Expte. 6963/241.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**24(469).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “O MARISQUIÑO 2024”. Expte. 23892/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o Informe xurídico do 14/06/2024 e o informe de fiscalización do 20/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/06/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

1.1.- Con data 07/06.24, Carlos Domínguez Fernández en n/r da entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a organización e desenvolvemento na cidade de Vigo do Festival de deporte urbano O Marisquiño 2024.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 1.215.400,00€ (Sen IVE).

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo do Festival O Marisquiño 2024.
- Memoria económica de ingresos e gastos.
- Documento acreditativo da exclusiva que ostenta a organizadora sobre o evento O Marisquiño.
- Certificado de la World Cup Skateboarding .



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

- Certificado do 20-07-2023 da Federación Internacional de Baloncesto, relativo á importancia de O Marisquiño na modalidade 3x3 internacional.
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (certificado de competicións) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- NIF da entidade, DNI do representante e escritura notarial con núm. protocolo 2866 mediante a cal queda nomeada como administradora única de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL a sociedade NEXT UNIT GROUP SL, e nomeado como o seu representante Carlos Domínguez Fernández.

### 2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso o Festival O Marisquiño é un dos eventos máis relevantes a nivel internacional no ámbito dos deportes urbanos.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a

partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos de deporte urbano)a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística nun estrato de poboación moi concreto, como o relacionado cos deportes urbanos, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do Festival. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.470.0002, no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024.

Non é posible atopar eventos comparables, non xa a nivel nacional, senón tamén a nivel internacional, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto cultural.

Dita relevancia deportiva e cultural queda avalada tanto pola WCS (World Cup Skateboarding), que confirma que O Marisquiño é unha de las paradas más importantes en el circuito de la copa do mundo de Skateboarding debido á súa lonxevidade, altos niveis de calidade e calidade do traballo do equipo do Festival, como pola Fiba (Federación Internacional de Baloncesto), que acredita nun documento asinado polo Xefe de Competición FIBA 3X3 que O Marisquiño é un reputado organizador de eventos 3X3 e confirma que está designado como organizador do Lite Quest 3X3. A folla de ruta do Circuito 3X3 inclúe unha rede integrada de competicións 3x3 avalados pola FIBA e conduce á xira mundial FIBA 3x3.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo Festival o colocan nunha categoría única que se apoia da mesma forma nos acordos necesarios coas Federacións internacionais de cada modalidade (FIBA e World Cup Skateboarding), que en xeral esixen o compromiso dos organizadores cunha antelación elevada.

O Marisquiño se diferencia de calquera outro Festival por albergar competicións deportivas do mais alto nivel internacional en disciplinas como el Skate, BMX, descenso ou breakdance, que non só atraen a deportistas de talla mundial, senón que garanten un nivel competitivo e espectáculo que supera calquera outro do noso país e dificilmente comparable.

Os deportistas deste nivel internacional, estruturan os seus calendarios cunha antelación moi importante, polo que é fundamental garantir a estabilidade do evento ao obxecto de que o inclúan entre as súas competicións de referencia e manter o nivel competitivo do evento.

A relevancia do festival ven determinada polo enorme volume de asistentes, que supera os 150.000 nos catro días de celebración e é recoñecido internacionalmente pola consolidación



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

da súa oferta ampla e gratuíta, sendo unha excepción no ámbito dos festivais e Competicións urbanas.

O Festival se atopa no top mundial dos campionatos de skateboarding, atraendo a participación dos e das deportistas máis relevantes do mundo. Consolidou a competición de BMX Street como unha das probas máis importantes internacionalmente, atrae ós e ás mellores xogadores de basket 3x3, acolle ó campionato internacional de Break dance, referencia europea da modalidade, celebra o descenso urbano, sendo o seu percorrido un dos máis recoñecidos internacionalmente, e celebra o campionato do mundo de Flatland, unha competición que consiste na realización de acrobacias coreografiadas sobre as bicicletas,, competicións todas elas que confirman sen dúbida a súa dimensión e relevancia.

A entidade organizadora ven organizando o Festival 23 edicións, contando en cada unha delas coa documentación acreditativa da posesión dos dereitos de organización de cada unha das competicións internacionais.

E por último, este festival se singulariza do resto e adquire unha relevancia excepcional polo seu carácter gratuíta para todo o público asistente. As actividades que conforman o Festival desenvólvense en entornos e recintos abertos ó público cun carácter gratuíta, que dota ó Festival dun acento diferenciador do resto de festivais e que o posiciona como un referente non só polo seu nivel competitivo e espectacularidade, senón tamén pola súa accesibilidade.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel internacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós e ás mellores deportistas a nivel mundial.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento atrae a participación de máis de 1.600 deportistas de mais de 30 nacionalidades diferentes, tanto profesionais como amateurs nas diferentes disciplinas.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

O Marisquiño ten non só un impacto deportivo e cultural da máxima relevancia. Ademais, atrae a miles de visitantes cada ano, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade a nivel nacional e internacional.

A traxectoria e relevancia do festival o sitúa como un referente dos deportes urbanos tendo un gran impacto en RRSS, con mais de 120 mil usuarios na web do festival e mais de 450

mil páxinas vistas, 8.139 seguidores en Twitter, 2.000 seguidores en youtube, que supuxeron no ano 2023 máis de 561 horas de visualizacións, 40.000 seguidores en facebook, 44.900 seguidores en instagram, 16.500 seguidores en TIKTOK.

A estes datos hai que engadir, segundo a documentación presentada pola entidade, o seguimento en Prensa, que en 2023 supuxo 94 pezas, das cales 15 foron de ámbito nacional e 3 de ámbito internacional, 8 pezas na TV autonómica, cunha audiencia de 23.1M e un total de 10,9 minutos de presenza, 5 pezas na TV nacional que se traduce en 5 minutos de presenza e mais de 28,79M de audiencia online, 3 emisións en Teledeporte cunha audiencia total de 60.000 espectadores ou Fuel TV, traducida a 11 idiomas e de difusión global.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión internacional extraordinaria, coa presenza dos e das mellores deportistas do panorama internacional e cunha asistencia de público extraordinaria.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
  - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
  - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
  - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
  - Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizárase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

### PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 1.000.000,00€ á entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL (CIF B36957132) para a realización do evento deportivo “O Marisquiño 2024” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 1.000.000,00€ para subvencionar a edición do ano 2024 do Festival O Marisquiño a favor da entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL (CIF B36957132), segundo resulta da documentación do expediente nº 23892-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.470.0002 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### ANEXO

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “O MARISQUIÑO 2024” (Expte. 23892-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, dona ELENA ESPINOSA MANGANA, na súa calidade de Concelleira-Delegada da área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo, en virtude da delegación conferida por Decreto da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 (BOP núm. 124, do 28 de xuño de 2023)

Doutra, don CARLOS DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ, como propietario único da sociedade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, CIF B36957132 e enderezo social na Avenida de Castrelos núm. 29, planta 2, porta D, Vigo, na representación da mesma, tal e como consta na escritura notarial con núm. de protocolo 2866 de 25 de novembro de 2016.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### MANIFESTAN

S.ord. 21/06/2024

**I.-** O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “O Marisquiño 2024”, á entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

**II.-** Que a marca “O Marisquiño” se atopa rexistrada na Oficina española de Patentes e Marcas a nome de Carlos Domínguez Fernández, na súa condición de representante da entidade Ulisesproject Eventos especiales SLU, e ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño” e ten por obxecto social, entre outros, a realización e promoción de toda clase de eventos deportivos e culturais.

**III.-** Que esta entidade vén organizando o festival “O Marisquiño”, na cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en condicións de organizar a presente edición conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, presentados pola entidade organizadora.

**IV.-** A exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

**V.-** O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**V.-** Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida sociedade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**VII.-** Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente, ao que hai que engadir que a subvención consta nominativamente no orzamento vixente da Concellería de deportes.

**VIII.-** Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

**IX.-** Que o carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**X.-** Que ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 23892-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.-** Ulisesproyect Eventos Especiales SL comprométese a organizar o festival “O Marisquiño 2024”, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

- 1º.- Organizar o Festival O Marisquiño 2024, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.
- 3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.
- 4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.
- 5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoptando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.
- 7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.
- 8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.
- 9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia necesarias deseñado para o evento asinado por técnico competente.
- 10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do

S.ord. 21/06/2024

evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento.

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Incluír a celebración do festival “O Marisquiño 2024” dentro da programación das Festas de verán 2024 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, unha subvención para a edición 2024 do Festival O Marisquiño por importe de 1.000.000,00 euros, co obxecto de coaduxar ao financiamento da programación, organización e execución da edición do festival “O Marisquiño 2024”.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 7930 4002 1974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sétimo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Oitavo.-** A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2024 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Noveno.-** No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “O Marisquiño 2024”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.-** O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** A Concellería da área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo noveno -** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos

dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

**Vixésimo primeiro.**- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo segundo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital

## **25(470).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE RISCOS E SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. Expte. 6963/241.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Vista a dilixencia de fiscalización de data 19/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/06/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polas que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea en materia de contratación pública en determinados sectores; seguro privado; plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e do litixio tributario

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** O Concello de Vigo e o seu organismo autónomo, Xerencia de Urbanismo, para a cobertura dos riscos do seu persoal, a súa actividade e os seus bens contratan seguros. Para o asesoramento na definición de cada unha das pólizas que se estimen necesarias, a preparación da documentación contractual e a posterior licitación dos mesmos, así como para a súa posterior xestión na fase de execución, necesitan do asesoramento dun corredor de seguros. Consonte ao artigo 155 do Real decreto lei 3/2020:

“1. Son corredores de seguros as persoas físicas ou xurídicas que realizan a actividade de distribución de seguros, ofrecendo asesoramento independente baseado nunha análise obxectiva e personalizada, a quen demande a cobertura de riscos.

2. Os corredores de seguros deberán informar a quen trate de concertar o seguro sobre as condicións do contrato que ao seu xuízo convén subscribir e ofrecer a cobertura que, de acordo ao seu criterio profesional, mellor adáptese ás necesidades daquel; así mesmo, velarán pola concorrencia dos requisitos que ha de reunir a póliza de seguro para a súa eficacia e plenitude de efectos.

3. Igualmente, virán obrigados durante a vixencia do contrato de seguro en que interviñesen a facilitar ao tomador, ao asegurado e ao beneficiario do seguro a información que reclamen sobre calquera das cláusulas da póliza e, en caso de sinistro, a prestarlles a súa asistencia e asesoramento”.

**Segundo.-** Mediante resolución de 4 de abril de 2024 a Concelleira Delegada da área de Contratación acordou iniciar o expediente para a adhesión ao Acordo Marco da FEMP para a contratación de servizos de mediación de seguros privados do

Concello de Vigo e os seus organismos autónomos”, nos termos que correspondan consonte á normativa vixente..

**Terceiro.-** Conforme ao acordo da XGL de data 17 de febreiro de 2022, este Concello adheriuse á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.

**Cuarto.-** A FEMP, a través do seu Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados e entes dependentes o servizo de mediación de riscos e seguros mediante un Acordo Marco cun único adxudicatario para cada un dos catro lotes por ramo ou tipoloxía de seguros que o compoñen, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e uns Pregos de Prescricións Técnicas (PPT), cuxa publicación se produciu o 29 de novembro de 2023. O Acordo Marco adxudicouse nos Lotes 1 e 2 a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., o Lote 3 á UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS E DEASTERRA PARTNERS, S.L.; e o Lote 4 a AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.U. con data de 11 de marzo de 2024, formalizándose o Acordo Marco para cada un dos lotes o 19 de abril de 2024.

**Quinto.-** No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa da Area de Contratación, de data 4 de abril de 2024.
- Orde de inicio de tramitación do expediente da Concelleira Delegada da área de Contratación, de data 4 de abril de 2024.
- Memoria xustificativa do contrato asinada pola xefa da Area de Contratación, de data 23 de maio de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen á celebración do convenio marco para a contratación dos servizos de mediación de riscos e seguros polos centro de contratación da FEMP.
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexen á celebración do convenio marco para a contratación dos servizos de mediación de riscos e seguros polos centro de contratación da FEMP.
- Os contratos asinados np Acordo Marco da contratación dos servizos de mediación de riscos e seguros polos centro de contratación FEMP.

**Sexto.- O Contrato baseado se adxudica axustarase ás seguintes condicións:**

Lote 1: Seguro de responsabilidade civil patrimonial, de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais.

Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

Comisión ofertada: 11%.

Valor estimado do contrato para este lote: 261.381,70 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicatario a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado.

Responsables do contrato: Seguro de responsabilidade civil patrimonial o xefe do servizo de Patrimonio. E para os seguros de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais a xefa da área de Recursos Humanos.

Lote 2: Seguro de danos materiais para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais.

Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

Comisión ofertada: 9%.

Valor estimado do contrato para este lote: 49.926,11 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicatario a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsables do contrato: Seguro de danos materiais para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais o xefe do servizo de Patrimonio. No ámbito do seguro para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á concellería de cultura: o xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural

Lote 3: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas

Adxudicatario: UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L

Comisión ofertada: 11%.

Valor estimado do contrato para este lote: 151.801,75 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicatario a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsables do contrato: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas a xefa da área de Recursos Humanos. No ámbito do seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias: o Adxunto Xefe do Servizo de Deportes-Director Técnico

Lote 4: Seguro de frota de vehículos para Entidades Locais e Entes dependentes, e outros riscos vinculados a medios de transporte

Adxudicatario: AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SAU.

Comisión ofertada: 7%.

Valor estimado do contrato para este lote: 51.662,20 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsable do contrato: Seguro de frota de vehículos para Entidades Locais e Entes dependentes, e outros riscos vinculados a medios de transporte o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Do expediente de contratación**

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade del contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Se ben no artigo 116.3 da LCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, o presente contrato non xera custe económico directo para a Administración municipal, polo que non resulta necesario. Ilo é así porque, tal e como dispón o artigo 156.3 do Real decreto lei 3/2020, o Concello non aboará prezo ningún á correduría de seguros. Está será retribuída polas entidades aseguradoras coas que se contraten as correspondentes pólizas de seguros, que lle



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

aboarán como prezo o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros (prima total menos impostos, recargos e taxas de Consorcio de compensación de seguros) a porcentaxe de comisión ofertada polo contratista.

**-II-**

### **Do acordo marco**

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco de mediación de seguros. O Acordo Marco adxudicouse nos Lotes 1 e 2 a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., o Lote 3 á UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS E DEASTERRA PARTNERS, S.L.; e o Lote 4 a AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.U. con data de 11 de marzo de 2024, formalizándose o Acordo Marco para cada un dos lotes o 19 de abril de 2024.

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. En este segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco de mediación de seguros da FEMP na actualidade está vixente.
2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinarmente partes nel, salvo no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.
3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP). No presente caso non procede porque tratase dun contrato privado non suxeito a regulación harmonizada.

4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP).

**-III-**

**COMPETENCIA**

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa. Esta última non é necesaria no presente caso por canto o expediente non xera gastos á facenda municipal.

**ACORDO**

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de mediación de riscos e seguros para o Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos.

Segundo.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de riscos e seguros formalizado pola Central de Contratación da FEMP con data 19 de abril de 2024 de acordo coas seguintes características e distribución por lotes :

Lote 1: Seguro de responsabilidade civil patrimonial, de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais.

Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

Comisión ofertada: 11%.

Valor estimado do contrato para este lote: 261.381,70 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicatario a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado.

Responsables do contrato: Seguro de responsabilidade civil patrimonial o xefe do servizo de Patrimonio. E para os seguros de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1700 /1102

dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais a xefa da área de Recursos Humanos.

Lote 2: Seguro de danos materiais para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais.

Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

Comisión ofertada: 9%.

Valor estimado do contrato para este lote: 49.926,11 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsables do contrato: Seguro de danos materiais para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais o xefe do servizo de Patrimonio. No ámbito do seguro para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á concellería de cultura: o xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural

Lote 3: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas

Adxudicatario: UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L

Comisión ofertada: 11%.

Valor estimado do contrato para este lote: 151.801,75 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsables do contrato: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas a xefa da área de Recursos Humanos. No ámbito do seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias: o Adxunto Xefe do Servizo de Deportes-Director Técnico

Lote 4: Seguro de frota de vehículos para Entidades Locais e Entes dependentes, e outros riscos vinculados a medios de transporte

Adxudicatario: AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SAU.

Comisión ofertada: 7%.

Valor estimado do contrato para este lote: 51.662,20 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsable do contrato: Seguro de frota de vehículos para Entidades Locais e Entes dependentes, e outros riscos vinculados a medios de transporte o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.

Terceiro.- O Contrato baseado no Acordo Marco entenderase perfeccionado e comezará a desprezar efectos ao ser notificada a presente adxudicación ao contratista por parte da Entidade Local a través da Plataforma informática da Central de Contratación,

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(471).- ROGOS E PREGUNTAS.**

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF  
me/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez